



CONCELLO DE
OLEIROS

**ACTA DA SESION ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO QUE TIVO LUGAR
O DIA VINTE E SEIS (26) DE MAIO DE 2022**

No salón de sesións, sito no andar primeiro de Casa Charry, ás 20:00 h. do día 26 de maio de 2022, ten lugar sesión ordinaria do Concello Pleno, en primeira convocatoria.

Preside a sesión o alcalde, D. **Ángel García Seoane**, asistindo os membros da Corporación seguintes:

GRUPO MUNICIPAL “ALTERNATIVA DOS VECIÑOS” (A.V.)

- D^a M^a José Varela Neira.
- D^a M^a Esther Isabel Garrido Pan.
- D^a Margarita Figueroa Vázquez.
- D. Antonio Molinos Marcote.
- D^a M^a Teresa Vázquez Maseda.
- D^a Rosa M^a Méndez Gómez.
- D. Jaime Rumbo Mosquera.
- D. Pablo Cibeira Taboada.
- D^a M^a José Santos Zas.
- D^a Sandra Fernández Fernández
- D^a Marta M^a Martínez Martínez.
- D^a Aurora Belén Taboada Casal.

GRUPO MUNICIPAL “POPULAR” (P.P.)

- D. José Ángel Bonome González.
- D. Jorge Platas Casal.
- D^a M^a Dolores Silva Núñez.
- D. Antonio Javier Corredoira Alfonso.

GRUPO MUNICIPAL “SOCIALISTA” (PSdeG-PSOE)

- D. Jorge Pérez Méndez.

GRUPO MUNICIPAL MIXTO-CIUDADANOS

- D. Manuel Jesús José Moinelo Allegue.

Non asisten:

- D^a Anna Margarita Candal Malvís, concelleira do grupo municipal “Socialista”, que é disculpada polo voceiro do mesmo grupo.
- D. Xurxo Martínez Caño, voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, quen disculpou a súa ausencia por motivos laborais.

Da fe dos acordos tomados, M^a Pilar Cela Álvarez, secretaria accidental do Concello. Faise constar que está tamén presente o interventor accidental, Jacobo Molina Sáenz.



CONCELLO DE
OLEIROS

Logo de comprobar que concorre o quórum de asistencia que esixe o art. 46.2.c) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para que teña lugar validamente a sesión, o sr. alcalde a declara aberta.

De seguido, procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día contida na convocatoria realizada a través do Decreto da Alcaldía nº 2022002386, de 23 de maio, que son os seguintes:

1º.- Aprobación, se procede, das actas das sesións plenarias que tiveron lugar os días 31 de marzo (ordinaria) e 9 de maio (extraordinaria) de 2022.

2º.- Aprobación definitiva, se procede, do Estudo de Detalle na “Finca Tenreiro” na Rúa Pazo do Río, s/nº (Montrove).

3º.- Aprobación definitiva, se procede, do Estudo de Detalle para definir as rasantes do POL Coruxo-1 (Oleiros).

4º.- Declaración, se procede, da caducidade do procedemento administrativo tramitado para a aprobación definitiva do PP do Sector SUD-21 “Finca Alsina” (Nós).

5º.- Corrección, se procede, de erro observado na de rede de camiños públicos.

6º.- Aprobación, se procede, da modificación Ordenanza Fiscal nº 24, reguladora da taxa pola utilización de inmobles e instalacións deportivas municipais.

7º.- Ratificación, se procede, do Decreto da Alcaldía nº 2021003965, polo que se inadmitiu a trámite a revisión de oficio da adquisición gratuita do inmovible “Casa Carnicero”.

8º.- Aprobación, se procede, da declaración da FEMP e do código de conduta contra a fraude.

9º.- Solicitud de subvención nominativa á Deputación Provincial da Coruña para a XXVIII da Feira de Olería Tradicional “Alfaroleiros”

10º.- Dar conta da información remitida ó Ministerio de Facenda e AAPP relativa á execución e cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria regulados na Lei Orgánica 2/2012, correspondente ó 1º trimestre de 2022.

11º.- Dar conta da información sobre o cumprimento dos prazos de pago das obrigas do Concello de Oleiros previstos na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de medidas de loita contra a morosidade, correspondente ó 1º trimestre de 2022.

12º.- Dar conta dos Decretos da Alcaldía, desde o nº 2022001316 ata o nº 2022002366 (incluídos).

13º.- Mocións, rogos e preguntas.

Punto 1.- Aprobación, se procede, das actas das sesións plenarias que tiveron lugar os días 31 de marzo (ordinaria) e 9 de maio (extraordinaria) de 2022

Consonte ó art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o alcalde pregunta se algún dos asistentes á sesión ten que formular algunha observación ou reparo ás actas que se achegaron para aprobar coa convocatoria desta sesión.

Non formulándose nin observacións nin reparos, da orde do alcalde pásase de seguido á votación amosándose o resultado da unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, é dicir, **dezanove (19) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; catro (04) do grupo municipal “Popular”; un (01) do grupo municipal “Socialista” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos, polo que o Concello Pleno aproba as actas das sesións plenarias de 31 de marzo (ordinaria) e 9 de maio (extraordinaria) de 2022.



CONCELLO DE
OLEIROS

Punto 2.- Aprobación definitiva, se procede, do Estudo de Detalle na “Finca Tenreiro” na Rúa Pazo do Río, s/nº (Montrove)

Expón o asunto a voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a M^a José Varela, explicando a proposta presentada despois de que tivera entrada no concello o Estudo de Detalle para tramitación da chamada “Finca Tenreiro” na Rúa Pazo do Río (Montrove).

O ámbito deste Estudo de Detalle inclúe a parcela agrupada en escritura pública clasificada en parte como solo urbano consolidado, Ordenanza 2 de Cidade Xardín variante “B”, de extensión de vivenda familiar e en parte como solo urbano consolidado dentro do ámbito do PP-A23 I-1 Montrove, afectando unicamente ó Estudo de Detalle as condicións urbanísticas da parcela catastral clasificada como solo urbano consolidado.

A parcela presenta un importante desnivel en relación á Rúa Minerva, que oscila entre 4,00 e 5,75 m. que xustifica a redacción do Estudo de Detalle, de cara a definir os accesos rodados e peonís ás futuras parcelas edificables e ás rasantes de implantación das futuras edificacións.

Emitido informe favorable polo arquitecto municipal, aprobado inicialmente por decreto da alcaldía, expúxose ó público non constando que se presentara alegación ningunha, procedendo logo aproballo de xeito definitivo.

Intervén o voceiro do grupo “Socialista”, D. Jorge Pérez, manifestando que se reafirma no dito con motivo da súa aprobación inicial.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de ‘asuntos de competencia plenaria’ que tivo lugar o pasado 23 de maio de 2022, acadándose o resultado de **catorce (14) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos e **cinco (05) abstencións** (catro (04) do grupo municipal “Popular” e un (01) do grupo municipal “Socialista”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“Altos de Icaria S.L. presentou estudo de detalle para a súa tramitación da “Finca Tenreiro” na rúa Pazo do Río s/n (Documento R.E. Nº 2022005761 do 29.03.2022).

O ámbito do estudio de detalle inclúe a parcela agrupada en escritura pública (de referencias catastrais 1879603NJ5917N0001GB e 1879638NH5917N0001LD), clasificada en parte como solo urbano consolidado, ordenanza 2 de Cidade Xardín, variante “B” de extensión de vivenda familiar, e en parte como solo urbano consolidado dentro do ámbito do PP-A23 I-1 Montrove, afectando unicamente o estudio de detalle ás condicións urbanísticas da parcela catastral 1879603NJ5917N0001GB clasificada como solo urbano consolidado, ordenanza 2 de Cidade Xardín, variante “B” de extensión de vivenda familiar.

A parcela presenta un importante desnivel en relación á Rúa Minerva que oscila entre 4,00 e 5,75 m que xustifica a redacción do Estudio de Detalle, de cara a definir os accesos (rodados e peonís) ás futuras parcelas edificables e as rasantes de implantación das futuras edificacións.

A necesidade da redacción do Estudio de Detalle xurde da vontade do promotor de definir as rasantes de implantación das edificacións adaptadas á topografía natural existente e ordenar os volumes edificables.

O arquitecto municipal emitiu informe favorable o 31 de marzo de 2022. Consta tamén informe xurídico do día 4 de abril de 2022.



CONCELLO DE
OLEIROS

Por Decreto da Alcaldía Nº 2022001451 do 1 de abril de 2022 aprobouse inicialmente o documento e expúxose ao público polo prazo dun mes, anunciándose así no DOG nº 72 do 13 de abril de 2022 e no diario La Voz de Galicia de data 11 de abril de 2022, notificándose tamén aos interesados.

Non constan presentadas alegacións.

Por isto propónse ao Concello Pleno que adopte **ACORDO** co seguinte contido:

PRIMEIRO.- Aprobación definitiva do estudo de detalle na “Finca Tenreiro” na rúa Pazo do Río s/n (Documento R.E. Nº 2022005761 do 29.03.2022), promovido por Altos de Icaria S.L.

SEGUNDO.- Dilixenciar o documento que se aproba definitivamente, (Documento R.E. Nº 2022005761 do 29.03.2022).

TERCEIRO.- Proceder, no prazo dun mes, á publicación do acordo no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia o apartado 4. ORDENACION URBANISTICA PROPUESTA páxinas 11 a 22 ambas as dúas incluídas que constitúen o contido da normativa do Estudo de Detalle.

CUARTO.- Solicitar da Consellería de MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA, que proceda á inscrición do Estudo de Detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 88 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, artigo 212 do Decreto 143/2016 e Orde de 10 de marzo de 2017, pola que se establecen os modelos normalizados de solicitudes para a inscrición, modificación e certificación de datos no Rexistro de Planeamento urbanístico de Galicia.

QUINTO.- Publicar na web municipal o acordo de aprobación definitiva e o documento aprobado.

SEXTO.- Notificar ao titular do terreo dentro do ámbito ALTOS DE ICARIA S.L. e ao equipo redactor.

SÉTIMO.- O Estudo de Detalle é unha disposición xeral, polo que contra o mesmo poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses, a contar do día seguinte ao da publicación desta disposición.”

Punto 3.- Aprobación definitiva, se procede, do Estudo de Detalle para definir as rasantes do POL Coruxo-1 (Oleiros)

Expón o asunto a voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a M^a José Varela, explicando que o obxecto deste Estudo de Detalle é a definición concreta das rasantes do viario tanto interiores coma nos contactos co solo urbano circundante; a definición das cotas de referencia para a implantación dos futuros volumes edificables e espazos libres privados e desenvolver a ordenación do volume edificable, tendo en conta a súa posición a respecto dos bens próximos catalogados.

Estes aspectos teñen como finalidade resolver a ordenación urbanística, de xetio que permita elaborar a reparcelación e o proxecto de urbanización para a execución do vial pendente e as parcelas edificables resultantes. Aprobouse inicialmente por decreto da alcaldía, someteuse á exposición pública e tamén se remitiu á Deputación provincial da Coruña, dada a conexión do viario coa Rúa do Souto, que é de titularidade provincial, recibíndose escrito da institución provincial no que se sinala que debe terse en conta a principal afección á vía provincial e ó feito de que o tramo entre a conexión con dita rúa dispón de pendente descendente, polo que as augas de escorrentía poden chegar á calzada da vía provincial.

Polo tanto, ou ben no proxecto de urbanización deberá dispoñerse de elementos de recollida de augas pluviais suficientes para que a escorrentía non chegue á calzada da estrada provincial ou ben, debe modificarse a rasante



CONCELLO DE
OLEIROS

na intersección mediante un acordo vertical suficiente para que o punto baixo da rasante sexa anterior á conexión coa vía provincial e, polo tanto, as augas poidan recollerse antes da súa chegada á mesma.

Hai que salientar que durante o período de exposición pública non consta que se presentase alegación ningunha, procedendo agora aprobar de xeito definitivo o Estudo de Detalle proposto e darlle tramite.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de 'asuntos de competencia plenaria' que tivo lugar o pasado 23 de maio de 2022, acadándose o resultado de **catorce (14) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de "Alternativa dos Veciños" e un (01) do grupo municipal "Mixto"-Ciudadanos e **cinco (05) abstencións** (catro (04) do grupo municipal "Popular" e un (01) do grupo municipal "Socialista).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

"O obxecto deste Estudo de Detalle é:

- A definición concreta das rasantes do viario tanto interiores como en especial nos contactos co solo urbano circundante.
- A definición de cotas de referencia para a implantación dos futuros volumes edificables e espazos libres privados. Ter en conta a proximidade do elemento de catálogo B-92 e posible interacción co mesmo.
- Desenvolvela ordenación do volume edificable tendo en conta a súa posición con respecto aos bens catalogados próximos.

Estes aspectos, ten como finalidade resolvela ordenación urbanística de modo que permita elaborala reparcelación e o proxecto de urbanización para a execución do vial pendente e as parcelas edificables resultantes.

Por Decreto Nº 2021005296 do 05.11.2021 aprobouse inicialmente o ESTUDO DE DETALLE PARA DEFINIR AS RASANTES DO POLÍGONO CORUXO-1, OLEIROS, (Documento R.E. Nº 2021017221 do 18.10.2021), presentado por FLOGRAM PROPERTIES S.L.

Someteuse o expediente a información pública polo prazo dun mes mediante anuncio que se publicou no Diario Oficial de Galicia Nº 220 do 16 de novembro de 2021 e na Voz de Galicia do 12.11.2021.

O 05.01.2022 remitiuse á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural un exemplar do estudo de detalle por atoparse no ámbito do elemento catalogado B-92 do PXOM, emitíndose informe favorable o 28.03.2022.

Tamén o 05.01.2022 remitiuse á Deputación Provincial da Coruña o proxecto debido á conexión do viario coa Rúa do Souto de titularidade provincial. De conformidade co artigo 21 da Lei 8/2013 de Estradas de Galicia e o artigo 51 do Decreto 66/2016, transcorrido o prazo de 30 días hábiles (ampliado a 3 meses) sen pronunciarse, estímase informado favorablemente.

Durante o período de exposición pública non se presentou ningunha alegación.

Polo que procede que o Concello Pleno adopte **ACORDO** co seguinte contido:

PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente o ESTUDO DE DETALLE PARA DEFINIR AS RASANTES DO POLÍGONO CORUXO-1, OLEIROS, (Documento R.E. Nº 2021017221 do 18.10.2021), presentado por FLOGRAM PROPERTIES S.L.

SEGUNDO.- Dilixenciar o documento que se aproba definitivamente (Documento R.E. Nº 2021017221 do 18.10.2021).

TERCEIRO.- Proceder, no prazo dun mes, á publicación do acordo no Diario Oficial de Galicia, e no Boletín Oficial da Provincia o apartado 4. ORDENACION URBANISTICA PROPUESTA, páxinas 13 a 23 ambas as dúas incluídas, que constitúen o contido da normativa do Estudo de Detalle.



CONCELLO DE
OLEIROS

CUARTO.- Solicitar da Consellería de MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E VIVENDA, que proceda á inscrición do Estudo de Detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 88 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, artigo 212 do Decreto 143/2016 e Orde de 10 de marzo de 2017, pola que se establecen os modelos normalizados de solicitudes para a inscrición, modificación e certificación de datos no Rexistro de Planeamento urbanístico de Galicia.

QUINTO.- Publicar na web municipal o acordo de aprobación definitiva e o documento aprobado.

SEXTO.- Notificar ao FLOGRAM PROPERTIES S.L. como titular do terreo dentro do ámbito e ao equipo redactor.

SEPTIMO.- O Estudo de Detalle é unha disposición xeral, polo que contra o mesmo poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses, a contar do día seguinte ao da publicación desta disposición.”

Punto 4.- Declaración, se procede, da caducidade do procedemento administrativo tramitado para a aprobación definitiva do PP do Sector SUD-21 “Finca Alsina” (Nós)

Expón o asunto a voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a **M^a José Varela**, explicando que en abril de 2016 deuse inicio ó expediente, dando conformidade ó seu inicio e comunicándoo ó órgano ambiental da Xunta de Galicia.

En xuño do mesmo 2016 o órgano ambiental da Xunta de Galicia remite resolución que formula o Estudo Ambiental Estratéxico, na que propón someter o PP ó procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica ordinaria para, en marzo de 2018, aprobarse inicialmente o documento e o estudo ambiental ó que se lle impoñen once condicións. En abril do presente ano, presentouse un novo documento e a xuízo dos técnicos municipais este documento presenta unha dobre problemática. Por unha banda, a consideración da vixencia que formula o documento de Alcance e o Informe Ambiental Estratéxico que, en principio, tiña unha vixencia de catro anos desde a súa publicación non téndose constancia de que se teña acadado unha prórroga da vixencia de dito documento e por outra, a documentación presentada resulta incompleta.

Ademais, o documento presentado tal e como informa o arquitecto municipal, non emenda os defectos observados polas administracións sectoriais, polo que non procede seguir tramitando o expediente, máxime tendo en consideración o complexo procedemento administrativo para tramitar un Plan Parical con Avaliación Ambiental Estratéxica ordinaria.

Á vista do dito, procede que se declare caducado o procedemento administrativo tramitado, ó perder vixencia o Informe Ambiental Estratéxico e por inactividade do promotor na elaboración dos documentos necesarios para seguir con ela, notificando este acordo á promoción e á Consellería respectiva da Xunta de Galicia.

Intervén o voceiro do grupo “Socialista”, D. **Jorge Pérez**, sinalando que visto o expediente sinálase que o informe ambiental estratéxico perdeu vixencia desde o 27 de xullo de 2022 e non chegamos aínda a esa data... contestándolle a voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a **M^a José Varela**, que debe tratarse dun erro, porque a vixencia perdeuna en xullo pero do 2021.

Intervén o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que esta actuación urbanística empezou hai xa bastantes anos e debido a razóns que se descoñecen, houbo retrasos continuados na presentación de documentación. Unha vez



CONCELLO DE
OLEIROS

presentada, tiveron a posibilidade de desenvolver o Plan Parcial e o Proxecto de Urbanización para executar a urbanización e non se fixo, polo que procede declarar a súa caducidade e se a intención da promoción é retomar esta actuación, deben volver empezar co tramite inicial.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de 'asuntos de competencia plenaria' que tivo lugar o pasado 23 de maio de 2022, acadándose o resultado de **catorce (14) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de "Alternativa dos Veciños" e un (01) do grupo municipal "Mixto"-Ciudadanos e **cinco (05) abstencións** (catro (04) do grupo municipal "Popular" e un (01) do grupo municipal "Socialista).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

"ANTECEDENTES:

Con data 25.04.2016 por Resolución 2016001586, deuse inicio ao trámite ambiental dando conformidade ao Documento de Inicio e comunicándoo ao órgano ambiental da Xunta de Galicia.

Con data 26.06.2016 o órgano Ambiental remite Resolución que formula o Estudo Ambiental Estratéxico pola cal propón someter o Plan parcial ao procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica ordinaria. Achégase ademais Resolución do 27 de xullo de 2016 co Documento de Alcance a ter en consideración para facer a Avaliación Ambiental Estratéxica Ordinaria do Plan Parcial do sector SUD-21.

Con data 20.03.2018 por Resolución Nº 2018001246 apróbase inicialmente o documento R.E. Nº 2017025621 do 27.12.2017 e o Estudo Ambiental Estratéxico (Documento R.E. Nº 2017018543 do 13.09.2017).

No punto primeiro do acordo recóllense ata 11 condicións a cumprir.

En canto a estas condicións compróbase:

- Consideración da obriga de mantemento da urbanización por tratarse dun plan de iniciativa particular. Incorpórase no artigo 19 da Normativa a regulación xeral do artigo 86 da Ordenanza municipal de Urbanizacións que regula o mantemento das urbanizacións. En este caso particular debera establecerse a obriga de non disolución da Entidade de Conservación que mantivera a urbanización de xeito indefinido.
 - Documentación que acredite a relación entre Fernando José Marchesi Quiñones e a empresa La Fortaleza As Mariñas S.L.
 - Acoutación uso hoteleiro. Elimínase do uso hoteleiro o específico de hotel apartamento e de apartamentos turísticos.
 - Completar documentación artigo 168 do D143/2016. Ampliase a argumentación de adaptación ó documento ambiental.
 - Explicación/xustificación condicións de accesibilidade. Incorpórase un plano PORD_04_POL_3 grafiando os percorridos accesibles.
 - Plano de afeccións. Incorpórase un plano PORD_04IOT_AFEC que grafía as afeccións da N-VI e a zona de policía de augas do regato interior.
 - Emprego base topográfica en tódolos planos. Emprégase a base topográfica en tódolos planos de planta.
 - Completar documentación en soporte dixital.
 - Achega documentación en soporte dixital: A nomenclatura dos directorios non se axusta as Normas Técnicas de Planeamento Urbanístico de Galicia NNTTPUG en canto á fase escollida; non é un documento para Aprobación Inicial "AI" senón que sería a Proposta para a formulación do Documento ambiental Estratéxico unha vez se remitira ó órgano ambiental, fase "DEAE" en vez de "AI". Debe terse en conta a modificación das NNTTPUG no que lle puideran afectar.
 - Manter o Rego interior en TD-1 e integralo como zona verde.
- Recóllense a traza do regato mais se mantén como parcela privada.
- Incorporar condicións dos informes técnicos de Unión Fenosa, operadores de telecomunicacións, Gas Natural e Sergesco.



CONCELLO DE
OLEIROS

Incorpora os informes no anexo 9.

- Adecuar o Estudio Ambiental Estratéxico.

Non se presenta o Estudio Ambiental Estratéxico adecuado á proposta final.

No punto segundo sométese a información pública sen que conste no expediente a existencia de alegación algunha presentada.

No punto terceiro acórdase solicitar os seguintes informes sectoriais:

1. Demarcación de estradas del Estado.
2. Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio.
3. Secretaría xeral de Avaliación Ambiental.
4. Servizo de Planificación da Paisaxe.
5. Augas de Galicia.
6. Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.
7. Dirección Xeral de Ordenación e Producción Forestal.
8. Federación Ecoloxista Galega.
9. Sociedade galega de Historia Natural.

Con posterioridade tense recibidos os seguintes informes de aqueles solicitados:

1. Demarcación de estradas del Estado.

Con data 14/05/2008, nº rexistro 09165, que considera necesario aportar como documentación complementaria unha rede de drenaxe independente da actualmente e de non ser procedente xustificación da capacidade da existente (cun período de retorno de 25 anos) para conducir as augas da estrada, terreos colindantes e a que proveña do ámbito.

O Plan Parcial xustifica a retención e orixe mediante a execución dun sistema de infiltración propio que conecta co regato que discorre polo interior da parcela TD-1. Mantén inalterada e sen modificar os aportes a rede existente na estrada N-VI.

2. Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio.

Emítase informe con data **/07/2018 con nove observacións.

A primeira delas cita a necesidade de considerar a franxa lindeira do camiño das Lavandeiras (chamado tamén das Pedreiras) no cal se prevé unha ampliación viaria ata 16 metros. No anexo 10 de informe de participación pública e consultas, contéstase que dita conexión faise a cargo do SUD-6, o que resulta certo. Sen embargo nada disto se observa na memoria xustificativa, apartado 3.1.1. "RED VIARIA" nin se grafía nos planos.

Non se cumpre co punto 3 de limitar a ocupación de instalacións en espazos libre ó 5% (ver texto da ordenanza no artigo 15 da Normativa).

En relación co último punto 8 determina a necesidade dun Estudio da Paisaxe Urbana, incorpóranse dous plano de imaxe no final dos planos de ordenación.

En canto a Normativa de accesibilidade informa sobre a necesidade de que a ordenación sexa informada favorablemente polo Consello Autonómico para a Promoción da Accesibilidade e Supresión de Barreiras Arquitectónicas.

3. Secretaría xeral de Avaliación Ambiental.

Recíbese o informe con data 08.05.2018 e nº de rexistro 08779 cunha serie de observacións que foron.

- Ocupación do territorio: axuste da edificabilidade proposta para a parcela de equipamento público. Na proposta actual límitase a edificabilidade e ocupación á existente na parcela polo que se axusta ó solicitado.
- Patrimonio cultural e natural: sen consideracións a modificar.
- Paisaxe: súxírese axustar a ordenanza de peches para non obstaculizar as visuais.

Non se altera a redacción do artigo 14 da Normativa incorporando de algún xeito dita consideración. Ademais o informe de Patrimonio conclúe que non se deben autorizar peches de parcelas no interior do ámbito.

- Mobilidade: O informe di que debe procurarse que os aparcadoiros non xeren afeccións paisaxísticas ou patrimoniais.



CONCELLO DE OLEIROS

- Ciclo hídrico: Sinálase que existe un regato sobre a parcela TD-1 e que na súa zona de policía as obras requiriran autorización do organismo de conca. Incide na necesidade de conexión do abastecemento de auga conforme o Informe de SERGESCO.

En resposta recóllese a posición do regato nos planos de información e ordenación e a delimitación da zona de policía no plano de Afeccións.

- Atmosfera e cambio climático. Infórmase a necesidade de que se axusten as zonas de calidade acústica tipo. Axústanse as zonas de calidade acústicas poñendo zona "d" na parcela de equipamento.
- Enerxía: recorda a necesidade o informe de suficiencia do servizo da empresa subministradora. Inclúese informe de 18.12.2017 de Unión Fenosa que especifica que estase en disposición de atender á demanda e que a conexión á rede de Media Tensión deberase facer dende a liña aérea de Media Tensión SMC724. Así se recolle en planos de xeito esquemático aínda que obsérvase que a citada liña discorre exterior ó sector, polo sector lindeiro SUD-6, sen que dito extremo se teña en consideración no citado planeamento.

- Ciclo de materiais: sen consideracións a modificar.

O informe conclúe lembrando a necesidade de que con carácter previo á aprobación provisional, para a elaboración da Declaración Ambiental Estratéxica (DAE) se remita a proposta final do Plan Parcial, o Estudio Ambiental Estratéxico, un informe de participación pública e consultas e un documento resumo que describa a integración dos aspectos ambientais na proposta final.

Entre a documentación agora remitida non se inclúe nin o Estudio Ambiental Estratéxico adaptado á proposta final, nin o documento resumo que describa a integración dos aspectos ambientais na proposta final.

4. Servizo de Planificación da Paisaxe.

Recíbese o informe con data 04.07.2018 e nº de rexistro 13316, de carácter favorable.

5. Augas de Galicia.

Recíbese o informe con data 13.11.2018 e nº de rexistro 21357, requirindo documentación adicional:

- por un lado que se sinala a existencia do curso interior e a súa zona de servidume e policía. Non se sinala a zona de Policía,; ademais se é un leito deberá ser público no resultado da ordenación.
- Documentación relativa do sistema de abastecemento indicando a procedencia e título concesional que ampara dito caudal.
- Documentación relativa ó destino final das augas residuais e proceso de depuración antes da súa vertedura, así como a autorización de vertido do organismo de conca.

6. Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Recíbese o informe con data 11.07.2018 e nº de rexistro 13784, de carácter desfavorable polos seguintes aspectos:

A.1.- En canto ós elementos incluídos no catálogo: infórmase que deberán excluírse o Muíño de Carbón e o Muíño da Auga xa que están fora do sector e xa están incluídos no Catálogo do plan Xeral; o mesmo aplícase ó lavadoiro e hórreo.

As fichas son eliminadas, sen embargo seguen mencionándose no apartado 1.2.2. do ANEXO 4 do documento.

A.2.- En canto ós elementos catalogados: requírese unha serie de aclaracións e melloras nas fichas. Deberá ser valorado pola Dirección Xeral se o documento da solución ó solicitado.

B.1.- En canto á ordenación: espazos de estacionamento: infórmase a necesidade de modificar a localización do aparcamento en espazo público e a regulación do aparcamento nas parcelas privadas.

A nova proposta de ordenación modifica a localización do aparcamento público nas parcelas privadas obriga a facer a reserva de aparcadoiro de xeito soterrado.

B.2.- En canto ós espazos libres: requírese que se aproximen mais ó Pazo, xadíns e edificacións vinculadas para facer de amortecemento. Modifícase a delimitación do EL-1 a tal efecto.

Deberá recollese no artigo 15 a prohibición con carácter xeral das construcións auxiliares, condicionadas en todo caso á non afección ós valores da Finca e sempre previo informe da consellería competente en materia de patrimonio cultural.



CONCELLO DE
OLEIROS

B.3.- Reserva dotacional de equipamento. Axústase conforme ó requirido en canto ó mero mantemento das edificacións existentes.

B.4.- En canto á ordenación das novas edificacións: o informe fai unha valoración non positiva da proposta de ordenación introducindo unha serie de condicións de reordenación da mesma e cuestionando a procedencia da zona edificable TD-5.

A nova proposta axusta a ordenación e a detalla acoutando a zona de implantación das edificacións sobre rasante e facendo unha proposta volumétrica para os edificios a proxectar. Mantense sen embargo a proposta de edificación na zona TD-5.

B.5.- En canto ós usos, proxecto conxunto e plan de etapas: O informe suxire eliminar os usos que podan supor unha maior concorrencia pública. En consonancia a proposta actual elimina o comercial e o recreativo.

Ademais requírese, dada a disparidade posible de usos, que a edificación se faga mediante proxecto conxunto de todas as novas edificacións, aínda que logo se programe a súa execución por etapas. O novo documento non aborda esta solución limitándose a facer unha previsión de ordenación que ademais se poderá altera mediante estudio de detalle e non condicionando á proxecto edificatorio único.

B.6.- Parcelación: infórmase da improcedencia de poder facer parcelacións. O novo documento elimina a posibilidade de parcelacións.

B.7.- Zona de servizos de infraestruturas: obrígase a facelas instalacións soterradas salvo antenas e similares se foran imprescindibles.

C.- Peches de parcela e movementos de terras. O informe require evitar os peches de parcela e movementos de terras.

A proposta segue mantendo os peches de parcelas sen dar cumprimento a esta condición.

D.- Normativa: O informe require que se recolla na Normativa a necesidade de obter para calquera actuación de urbanización, edificación ou intervención no existente, autorización previa da consellería competente en materia de Patrimonio Cultural.

Non se localiza en que punto da Normativa se recolle esta condición de xeito expreso.

7. Dirección Xeral de Ordenación e Producción Forestal.

Recíbese o informe con data 10.07.2018 e nº de rexistro 13714 de carácter favorable. Tan só lembra as condicións xerais de lei para as repoboacións e mantemento de masas arbóreas.

8. Federación Ecoloxista Galega. Non consta resposta.

9. Sociedade galega de Historia Natural. Non consta resposta.

O documento agora presentado formula unha dobre problemática; por un lado a consideración da vixencia da Resolución do 26 de xullo de 2016 que formula o Documento de Alcance e o Informe Ambiental Estratéxico que en principio tiña unha vixencia de catro anos dende a súa publicación (DOG 27/07/2016). Non se ten constancia de que se teña obtido unha prórroga da vixencia de dito documento.

Por outra banda a documentación presentada como se informa anteriormente resulta incompleta.

Enuméranse a continuación os aspectos mais importantes:

1. Necesidade de constituír Entidade Urbanística de Conservación e de asumir o mantemento da urbanización unha vez rematada a urbanización e edificación.
2. Acreditación da relación entre Fernando José Marchesi Quiñones e a empresa La Fortaleza As Mariñas S.L.
3. Xustificación na Memoria das condicións de accesibilidade tendo en conta as características singulares da parcela e da actuación. Necesidade de que a ordenación sexa informada favorablemente polo Consello Autonómico para a Promoción da Accesibilidade e Supresión de Barreiras Arquitectónicas.
4. Axuste da documentación dixital ás NNTTPUG.
5. Do informe de Augas de Galicia dedúcese a necesidade de mantemento do regato interior e cualificación como zona verde pública. Necesidade de completar coa documentación relativa do sistema de abastecemento indicando a procedencia e título concesional que ampara dito caudal e a documentación relativa ó destino final das augas residuais e proceso de depuración antes da súa vertedura, así como a autorización de vertido do organismo de conca.



6. O informe de Patrimonio Cultural é desfavorable. Tense feito correccións mais deberá ser a Dirección Xeral de Patrimonio quen informe sobre a corrección do actual documento.

Entre outros aspectos a Dirección Xeral de Patrimonio exige que a edificación se faga mediante proxecto conxunto de todas as novas edificacións, aínda que logo se programe a súa execución por etapas.

O informe require que se recolla na Normativa a necesidade de obter para calquera actuación de urbanización, edificación ou intervención no existente, autorización previa da consellería competente en materia de Patrimonio Cultural.

7. Falta de presentación do Estudo Ambiental Estratéxico adecuado á proposta final. Falta o documento resumo que describa a integración dos aspectos ambientais na proposta final.

8. Incorporación da conexión viaria a través da rúa Lavandeira que se amplía e acondiciona a cargo do SUD-6, tanto en planos como na exposición sobre a rede viaria da memoria xustificativa.

9. Eliminar a posibilidade de instalar construcións auxiliares nos espazos libres.

10. Eliminar a posibilidade de facer peches de parcelas tal e como o require o informe de Patrimonio e da Secretaría xeral de Avaliación Ambiental.

11. No apartado 3.5 da memoria Xustificativa deberán acreditar o cumprimento dos estándares tendo en conta a posibilidade do uso hoteleiro.

12. Nas normas de edificación, artigo 10, eliminarase a posibilidade de aparcamento privado en superficie, os peches de parcela. No artigo 14 eliminaranse os peches de parcelas.

A resolución do Secretario Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental de data 26 de xullo de 2016 emite o informe ambiental estratéxico e somete al procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria o Plan Parcial do Sector SUD-21 "Finca Alsina". Tamén o 27 de xullo de 2016 o Secretario Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental formula o documento de alcance do estudo ambiental estratéxico do Plan Parcial do sector SUD-21 Finca Alsina, Oleiros.

A resolución do 26 de xullo de 2016 determina que a resolución perderá a súa vixencia e cesará na produción dos efectos que lle son propios se, unha vez publicada no Diario Oficial de Galicia, non se aprobase o Plan Parcial no prazo máximo de 4 anos desde a súa publicación. Publicouse no DOG do 27 de xullo de 2016, data a partir da que hai que computar o prazo de 4 anos de vixencia.

En consecuencia o 27 de xullo de 2020 ao non ter o Plan Parcial do Sector SUD-21 "Finca Alsina" aprobado, estímase que perdeu vixencia o informe ambiental estratéxico, o procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria e o documento de alcance do estudo ambiental estratéxico.

O 16 de novembro de 2018 mediante escrito R.S. Nº 201809398 comunícase ao promotor A Fortaleza As Mariñas S.L. os informes emitidos pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e Augas de Galicia en relación ao sector SUD-21 "Finca Alsina".

Tres anos e medio despois, o 1 do abril de 2022 con R.E. Nº 2022006152 Fortaleza As Mariñas S.L. presenta o Plan Parcial SUD-21 para aprobación definitiva.

Como informa o arquitecto municipal, o documento non emenda os defectos observados polas administracións sectoriais, polo que tampouco se pode seguir tramitando o expediente, máxime tendo en consideración o complexo procedemento administrativo para tramitar un Plan Parcial con avaliación ambiental estratéxica ordinaria.

Á vista do anterior o trámite procedemental no que nos atopamos é o do apartado 9 do artigo 144 do Decreto 143/2016, que no caso de plans parciais debe ser realizado polo promotor do plan, é dicir, o promotor a Fortaleza as Mariñas S.L. debe proceder a:

- Modificar o estudo ambiental estratéxico, elaborar a proposta do plan e presentar o expediente de avaliación ambiental estratéxica completo que está constituído pola proposta final do plan, o estudo ambiental estratéxico, o resultado da participación pública e consultas, así como por un documento resume que describa como se integraron na proposta final do plan os aspectos medioambientais, o estudo ambiental estratéxico, a súa adecuación ao documento de alcance e o resultado das consultas realizadas e como estas se tomaron en consideración.

- Corresponde ao Concello remitilo ao órgano ambiental.

O prazo para a aprobación definitiva polo concello de plans de desenvolvemento dos plans xerais é de seis meses, a contar desde a aprobación inicial. Transcorrido este prazo sen que se procedera á notificación da resolución, poderá entenderse aprobado definitivamente o plan, sempre que se realizara o trámite de información pública e obtivéronse os informes preceptivos en sentido favorable, de conformidade coa



CONCELLO DE
OLEIROS

lexislación aplicable, ou, no seu caso, sexan solicitados os informes e transcorresen os prazos para emitilos (artigo 76.2 da LSG).

Considerando que o expediente paralizouse por máis de 3 anos ao non emendar a documentación segundo o escrito do 16 de novembro de 2018 R.S. Nº 2018009398, e a día de hoxe segue incompleto.

Considerando que tamén perdeu a vixencia desde o 27 de xullo de 2022 o informe ambiental estratéxico, o procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria e o documento de alcance do estudo ambiental estratéxico.

Considerando que transcorreron máis de 6 meses desde a aprobación inicial do expediente, realizado o trámite de información pública e non ter obtidos os informes favorables da Administración sectorial, de conformidade co art. 21 e art. 84 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo que din:

“Artigo 21 Obrigación de resolver

1. A Administración está obrigada a ditar resolución expresa e a notificala en todos os procedementos calquera que sexa a súa forma de iniciación.

Nos casos de prescrición, renuncia do dereito, caducidade do procedemento ou desistencia da solicitude, así como de desaparición sobrevinda do obxecto do procedemento, a resolución consistirá na declaración da circunstancia que conorra en cada caso, con indicación dos feitos producidos e as normas aplicables.

Artigo 84 Terminación

1. Poñerán fin ao procedemento a resolución, a desistencia, a renuncia ao dereito en que se funde a solicitude, cando tal renuncia non estea prohibida polo ordenamento xurídico, e a declaración de caducidade.

2. Tamén producirá a terminación do procedemento a imposibilidade material de continualo por causas sobrevindas. A resolución que se dite deberá ser motivada en todo caso.”

Visto o informe técnico-xurídico emitido polos técnicos municipais que fundamenta a exposición desta proposta, propónse ao Concello Pleno que adopte **ACORDO** co seguinte contido:

PRIMEIRO.- Declarar caducado o procedemento administrativo tramitado para a aprobación definitiva do Plan Parcial do Sector SUD-21 “Finca Alsina” promovido por A Fortaleza As Mariñas S.L. ao perder vixencia o informe ambiental estratéxico e por inactividade do promotor na elaboración dos documentos necesarios para seguir coa tramitación.

SEGUNDO.- Notificar á Fortaleza As Mariñas S.L. e á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostenibilidade e Cambio Climático e Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo).

TERCEIRO.- Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición, ante o mesmo órgano administrativo que a dita, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Tamén poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo da cidade da Coruña, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Sen prexuízo da facultade de interposición do recurso extraordinario de revisión cando conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 125 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, LPACAP, de formular a solicitude á que se refire o artigo 106.1 da citada lei, ou de interpoñer aqueloutros que estime procedentes.”

Punto 5.- Corrección, se procede, de erro observado na rede de camiños públicos

Expón o asunto a voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a M^a José Varela, explicando que se observou un erro na rede viaria municipal ó non recoller o ramal que forma parte do Camiño dos Pozos, sito en Montrove, que consta aproximadamente con 80 metros de lonxitude e 6 metros de ancho.



CONCELLO DE
OLEIROS

Nos planos de ordenación urbanística, este ramal figura con aliñación, dando fronte e acceso os inmobles numerados do 3 ó 7, constitúe parte do solo urbano consolidado da zona e conta ademais cos servizos urbanísticos de rede de auga, telefonía, alumeado e saneamento a menos de 100 metros.

Conta coas características propias para ter a consideración de público, delimitado perfectamente pola cartografía catastral. A efectos catastrais xa figura como solo de desconto, é dicir viario, polo tanto non incluído en ningunha parcela lindeira.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de ‘asuntos de competencia plenaria’ que tivo lugar o pasado 23 de maio de 2022, acadándose o resultado de **catorce (14) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos e **cinco (05) abstencións** (catro (04) do grupo municipal “Popular” e un (01) do grupo municipal “Socialista”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“O Concello Pleno en sesión celebrada o 26 de xaneiro de 2012 aprobou definitivamente a Rede de Camiños Públicos de titularidade municipal e completouse co acordo plenario do 26 de xullo de 2012 que resolveu os recursos presentados.

Observouse un erro na rede viaria municipal ao non recoller o ramal que forma parte do Camiño dos Pozos, situado na parroquia de Liáns, núcleo urbano de Montrove de aproximadamente oitenta metros de lonxitude e un ancho medio de seis metros.

Nos planos de ordenación urbanística o citado ramal figura con aliñación, ao que dan fronte e teñen acceso os inmobles numerado do 3 ao 7, constitúe parte do solo urbano consolidado da zona, contando ademais cos servizos urbanísticos da rede de auga, telefonía, alumeado e saneamento a menos de 100 metros.

Deste xeito reúne así as características propias para consideralo público. A cartografía catastral xa delimita perfectamente o vial, é dicir, a efectos catastrais xa figura como solo de desconto, é dicir, viario, polo tanto non incluído en ningunha parcela lindeira.

Mediante Decreto Nº 2022000485 do 11.02.2022 corrixiuse o erro observado no documento denominado REDE DE CAMIÑOS PÚBLICOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL e expúxose ao público para a presentación de alegacións durante 10 días segundo anuncio publicado na Voz de Galicia o 18 de febreiro, na web municipal e no taboleiro.

Non se presentaron alegacións durante este período.

Polo que propónse ao Concello Pleno que adopte **ACORDO** co seguinte contido:

PRIMEIRO.- Corrixir o erro observado no documento denominado REDE DE CAMIÑOS PÚBLICOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL, de conformidade co informe emitido e tal como se reflexa na ficha Código da vía 816 e nº de orde 480 en el que figura incorporado o ramal da Rúa Pozos.”

Punto 6.- Aprobación, se procede, da modificación Ordenanza Fiscal nº 24, reguladora da taxa pola utilización de inmobles e instalacións deportivas municipais

Expón o asunto a voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a M^a José Varela, explicando que se propón aprobar a modificación dos arts. 5 e 5bis da Ordenanza Fiscal nº 24, que regula a taxa pola utilización de inmobles e instalacións deportivas municipais, consistente en canto ó art. 5, coa incorporación dun novo



CONCELLO DE
OLEIROS

epígrafe (3º) para regular a tarifa polo uso da pista de patinaxe municipal de Bastiagueiro, que será de 6,80 €/hora ou fracción, calculada en base a informe de estimación de custes.

No art. 5 bis, amplíase a bonificación do 100% da cota tributaria ás entidades deportivas sen ánimo de lucro que estean incluídas no Rexistro Municipal de Entidades en horarios de adestramento e de competición.

Intervén o voceiro do grupo “Popular”, D. **José A. Bonome**, manifestando que despois de analizar os antecedentes sobre o estudo de custes que serve de base para modificar as cotas polo uso das instalacións deportivas, sinálase que o custe de repintado da pista nuns dez anos sería duns 38.400 € e cre lembrar que no derradeiro campionato galego aínda non estaba pintada a pista, co que habería que sumarlle o custo da obra o pintado da pista, é dicir, que os 400.000 € que custou a instalación van quedar curtos.

A instancia do alcalde, intervén o concelleiro delegado de obras públicas, D. **Antonio Molinos**, explicando que o pintado da pista de patinaxe está incluído nun proxecto de pintado de varias pistas existentes no termo municipal e, en todo caso, sería a parte proporcional do que representa o proxecto total e que alcanza eses 38.400 € aludidos polo voceiro do grupo “Popular”.

Tamén polo voceiro do grupo “Socialista”, D. **Jorge Pérez**, sinálase que tampouco entende...

Aclara esta cuestión a concelleira delegada de deportes, D^a **Teresa Vázquez**, explicando que o que repercute a efectos de establecemento da taxa é unha estimación dos técnicos municipais nun investimento ó longo de dez anos calculando un desgaste. En base a isto, establécese un prezo fixo e que ademais a administración nunca pode cobrar un prezo que supere os gastos que ten a pista e en canto á pregunta do voceiro do grupo “Popular” sobre se está pintada a pista ou non, acláralle que non é pintala senón que se lle vai dar un tratamento para reforzar a seguridade, pero a pista pode usarse agora sen problema e sen ter ese tratamento do que está a falar.

Abunda máis sobre o tema o alcalde, D. **Ángel García**, insistindo en que eses practicamente 40.000 € é un proxecto para o pintado das numerosas pistas polideportivas municipais.

Intervén o voceiro do grupo “Mixto”-Ciudadanos, D. **Manuel Moineiro**, manifestando que pensa que é un problema de mala redacción da memoria porque, tal como está escrito, parece que o pintado da pista de patinaxe ten un custe deses 38.400 €, contestándolle o alcalde, D. **Ángel García**, que pode ter razón e exista unha mala redacción na memoria pero cre que está suficientemente explicado tanto pola concelleira delegada de deportes coma polo concelleiro delegado de obras públicas, polo que se non hai máis intervención procede a súa votación.

Votación

Pasándose de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de ‘asuntos de competencia plenaria’ que tivo lugar o pasado 23 de maio de 2022, prodúcese un resultado de **catorce (14) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos e **cinco (05) abstencións** (catro (04) do grupo municipal “Popular” e un (01) do grupo municipal “Socialista”).



CONCELLO DE
OLEIROS

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“Tendo en conta o disposto nos artigos 24 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o artigo 4 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o R.D. 2568/86, Regulamento de Organización e Funcionamento das Corporacións Locais, e á vista do informe emitido pola TAE Inspección Tributaria de data 13 de maio do 2022, en relación á proposta de modificación da Ordenanza Fiscal nº 24, reguladora da taxa pola utilización de inmobles e instalacións municipais deportivas, proponse ao Concello-Pleno, adopción de acordos consistentes en:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación dos seguintes artigos da Ordenanza Fiscal nº 24, reguladora da taxa pola utilización de inmobles e instalacións municipais deportivas, os/as cales quedan redactados/as do xeito seguinte:

“Artigo 5º.- COTA TRIBUTARIA

A cota tributaria determinarase pola aplicación da seguinte tarifa:

- Epígrafe primeiro: pavillóns polideportivos cubertos: 19,82 €/hora ou fracción.

- Epígrafe segundo: local Náutico de Bastiagueiro:

-Abono básico (uso de vestiarios, duchas e custodia de táboa de surf ou kaiak e o traxe de neopreno): 7,84 €/mes ou fracción.

-Suplemento no abono básico por custodia de cada kaiak a maiores: 2,24 €/mes ou fracción.

-Suplemento no abono básico por custodia de cada táboa de surf a maiores: 1,12 €/mes ou fracción.

- Epígrafe terceiro: pista de patinaxe de Bastiagueiro: 6,80 €/hora ou fracción.”

“Artigo 5º.Bis.- BONIFICACIÓNS

1.- Gozará dunha bonificación dun 25% do importe das cotas tributarias sinaladas nas Tarifas, aqueles suxeitos pasivos que formen parte de unidades familiares ás que se lle recoñecese o título de familia numerosa de carácter especial.

2.- Gozará dunha bonificación dun 15% do importe das cotas tributarias sinaladas nas Tarifas, aqueles suxeitos pasivos que formen parte de unidades familiares ás que se lle recoñecese o título de familia numerosa de carácter xeral.

Consideraranse familias numerosas de categoría xeral e especial as reguladas polo artigo 4 da Lei 40/2003, de 18 de novembro, de Protección ás Familias Numerosas, ás que se recoñecese tal condición, conforme se establece polo artigo 5 da citada Lei.

Co fin de acreditar a condición de membro de familia numerosa, os suxeitos pasivos ós que corresponda a aplicación da bonificación, achegarán ao impreso de pagamento de taxas, fotocopia compulsada do D.N.I. e do título oficial de familia numerosa.

3.- Gozará dunha bonificación dun 100 % do importe da cota tributaria sinalada na epígrafe primeiro e terceiro das tarifas, as entidades deportivas sen ánimo de lucro que estean incluídas no Rexistro Municipal de Entidades, en horarios de adestramento e competición.”

Segundo.- Expoñer o presente acordo no taboleiro de anuncios do Concello durante o prazo de 30 días e anunciar dita exposición no Boletín Oficial da Provincia (BOP), así como nun diario dos de maior difusión da Provincia, ós efectos previstos no artigo 17 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais (aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo). Transcorrido o prazo sinalado sen que se teñan presentado alegacións ou suxestións quedarán aprobados de xeito definitivo. No caso de que se presentaran, estas resolveranse polo Pleno do Concello.

Terceiro.- As modificacións da Ordenanza fiscal nº 24 comezarán a aplicar ó día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP) do acordo aprobatorio definitivo xunto co texto íntegro da mesma.”

Punto 7.- Ratificación, se procede, do Decreto da Alcaldía nº 2021003965, polo que se inadmitiu a trámite a revisión de oficio da adquisición gratuíta do inmovble “Casa Carnicero”



CONCELLO DE
OLEIROS

Expón o asunto a voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a **M^a José Varela**, explicando que polo voceiro do grupo municipal “Socialista”, D. Jorge Pérez Méndez, actuando na representación do seu grupo, presentou no rexistro do concello o día 16 de setembro de 2021 recurso de reposición contra o Decreto da Alcaldía polo que se inadmitiu a trámite a solicitude presentada o 25 de febreiro de 2021 para a revisión de oficio do acto administrativo polo que se acordou a adquisición gratuíta do inmovible denominado “Casa Carninero”.

Fundamenta a súa solicitude da revisión de oficio en que a notificación realizada do Decreto da Alcaldía non ven asinada polo alcalde; que o órgano competente para a revisión de oficio é o pleno da corporación e que a resolución da inadmisión notificada, non é conforme a dereito.

Cónstalle ós membros corporativos a fundamentación xurídica do informe emitido polo secretaria xeral do concello a respecto deste asunto e do que se lles deu trasaldo, aínda que vai expoñer os aspectos máis salientables. En primeiro lugar, a cuestión abordada polo recorrente é o feito de que a notificación do Decreto da Alcaldía non estea asinada polo alcalde, dicir que as notificacións dos actos administrativos deben axustarse ó disposto no art. 40 da Lei 39/2015, de procedemento administrativo, como así se fixo do que pode comprobarse no expediente administrativo, polo que procede desestimar a alegación de incorrección da notificación recibida, dado que estaba asinada pola responsable da secretaría xeral, axustándose logo ó establecido na lei antedita.

En canto á segunda cuestión, sobre a incompetencia do alcalde para resolver o procedemento de revisión de oficio, a doutrina a este respecto está dividida, por unha banda atopamos a que considera que debe ser o pleno da corporación o órgano que a resolva e, por outra, a que serviu de base para inadmitila, entre outras, a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza da Comunidade Valenciana, que considera que dado que non está atribuída a competencia a ningún dos órganos municipais, poderá acudirse á competencia subsidiaria do alcalde, que sinala “...As demais que expresamente lle atribúan as leis e aquelas que a lexislación do Estado ou das Comunidades Autónomas asignen ó municipio e non atribúan a outros órganos municipais”.

Ante esta diferenza de criterios e para maior seguridade xurídica, o acordo adoptado poderá ser ratificado polo pleno da corporación, eliminando así calquera dúbida ó respecto da competencia, insistindo en que o resto da fundamentación xurídica está contida no informe emitido pola secretaria xeral, procedendo logo por este pleno:

- 1º.- Ratificar o acordo de inadmisión a trámite da solicitude de revisión de oficio, de 13 de agosto de 2021 e
- 2º.- Desestimar o recurso de reposición interposto polo voceiro do grupo “Socialista”, D. Jorge Pérez, o día 16 de setembro de 2021, confirmando o Decreto de inadmisión a trámite da revisión de oficio interposto contra o acordo de aceptación da cesión do inmovible denominado “Casa Carnicero”.

Intervén o voceiro do grupo “Popular”, D. **José A. Bonome**, sinalando que unha vez máis vaise tratar neste pleno o expediente da inexistente Casa Carnicero e chámalle “inexistente”, porque evidentemente xa non existe como vivenda ó derrubarse produto dunha serie de actos de dubidosa legalidade, pero o que non lles queda ningunha dúbida nin ó Partido Popular, nin á veciñanza de Oleiros, é que a intención foi sempre facela desaparecer, despois de elaborar un plan que se iniciou cunha soposta adquisición gratuíta, qae non foi así porque tivo un custo de 95.000 €, pola debeda que pesaba sobre a propiedade, mailos gastos posteriores.



CONCELLO DE
OLEIROS

Despois de sufrir un incendio e a acción de varios temporais, como non se caía, tivo que ordear a súa demolición baixo a excusa de manter a seguridade unha tarde dun 31 de decembro, para que ninguén lle puxera trabas e de xeito urxente ademais, co que se pasou de ter unha vivenda cun valor histórico a un solar con pedras pero o que quedou claro é que a Casa Carnicero estorbáballe e espera que pronto se esclarezan os feitos e se dea luz a todo este proceso e as súas consecuencias.

De tódolos xeitos, non lle corresponde ó seu grupo defender ou argumentar este asunto senón ó grupo municipal "Socialista" porque é a parte recurrente. Aínda así, ó grupo municipal "Popular" de Oleiros non está de acordo con que se traia este asunto a ratificar nesta sesión plenaria porque si se axusta á lexislación tal e como argumenta a secretaria xeral municipal durante todo o proceso, desde a adquisición do inmovible, a inadmisión de revisión de oficio e posterior recurso por parte do grupo municipal "Socialista" ¿Por qué se pretende que se ratifique hoxe nesta sesión plenaria? Por iso, votarán en contra.

Intervén o voceiro do grupo "Socialista", D. **Jorge Pérez**, manifestando que o pasado 18 de maio recibe por correo electrónico, entre os puntos que conteñen a orde do día deste pleno, o informe a través do que se propón a desestimación do recurso de reposición presentado por él o día 16 de setembro de 2021, contra a inadmisión da solicitude presentada o 24 de febreiro de 2021, de revisión de oficio do acto de adquisición de "Casa Carnicero", ó considerar que o procedemento non era conforme a dereito ó estar plagado de vicios de carácter invalidante polos motivos debidamente fundamentados nos supostos dispostos na normativa aplicable e motivados con precisión. O primeiro deles é ser un acto ditado por un órgano manifestamente incompetente en relación á materia, ó fío do establecido no art. 47.1.b) da Lei 39/2015, ó ser o alcalde quen resolver vía Decreto a adquisición da nomeada vivenda en lugar do facelo o pleno da corporación.

En segundo lugar, ó se tratar dun acto ditado prescindindo total y absolutamente do procedemento legalmente establecido, segundo o disposto no art. 47.1.e) da Lei de Procedemento Administrativo, por omisión dos tramites esenciais do procedemento, como é neste caso a taxación pericial á que se refire o art. 21.3 da Lei de Patrimonio das Admóns. Públicas e os arts. 56.3 e 49 da Lei de Patrimonio de Galicia e o propio Regulamento de Bens das Entidades Locais, no seu art. 12.2.

A terceira, por tratarse dun acto de contido imposible, ó abeiro do art. 47.1.c) da Lei de Procedemento Administrativo, ó obrar no expediente administrativo así como no propio Decreto da Alcaldía de 2 de decembro de 2020, dúas valoracións diferentes, dispares e incoherentes para o devandito inmovible, á que hai que engadir unha cuarta incorporada ó expediente con extemporaneidade, cinco meses máis tarde, completamente dispar e diferente ás valoracións anteriores. Como é natural, un mesmo inmovible non pode ter catro valoracións reais diferentes e tan dispares no mesmo intre de tempo, polo que é un acto de contido imposible.

O día 17 de agosto de 2021, recibe unha notificación de inadmisión da solicitude de revisión de oficio polo suposto motivo de carecer manifestamente de fundamento, entrando a valorar un asunto non admitido a tramite, ó que parece unha gran incoherencia pois esa propia inadmisión así o determina.



CONCELLO DE
OLEIROS

En canto ó motivo de inadmisión alegado polo concello de carencia de fundamento, a xurisprudencia e a doutrina administrativa estableceron que a fundamentación que concorre un de nulidade radical no acto cuxa revisión se solicita, debe conter unha motivación suficiente pero sen que se deba ter unha motivación exhaustiva, se existe unha petición minimamente fundada é nulo de pleno dereito, debe admitirse a petición e tramitarse, cuestión diferente é que dentro do procedemento de revisión se estime que non concorre a causa de nulidade radical, pero o que non é posible en ningún caso é inadmitir “ad limine” co argumento de que a nulidade radical non está suficientemente fundada, dado que a lei exige para a inadmisión unha carencia manifesta de fundamento, isto é unha ausencia de fundamento clara, ostensible palmaria e apreciable sen esforzo ningún, segundo se establece na sentenza do Tribunal Supremo 254/2021, que fixa doutrina xurisprudencial a tal respecto.

No presente caso, a solicitude de revisión de oficio reunía a totalidade dos requisitos establecidos pola lei para a súa admisión a tramite, basándose nos supostos establecidos no art. 47.1 da Lei de Procedemento, contendo a fundamentación e motivación precisa sobre o concorrencia de tales supostos no asunto obxecto da solicitude e non tratándose dunha solicitude que conteña supostos obxecto da desestimación en canto ó fondo doutras solicitudes substancialmente iguais. Por todo elo, a solicitude debeu ser admitida a tramite, de xeito inequívoco e á vista da lei e da xurisprudencia.

A pesares disto, foi inadmitida e sospeita por unha sinxela razón, que non é outra, que o medo desta administración municipal ó contido do informe do Consello Consultivo de Galicia que necesariamente e, por imperativo legal, deba recabar para o caso de admitir a tramite a solicitude previo a emitir unha resolución ó respecto sobre a mesma. Medo a que o Consello Consultivo aprecie que efectivamente, danse as causas de nulidade radicais reflexadas na solicitude e para evitar ese ditame a inadmiten.

En canto á desestimación do recurso é necesario facer varias precisións fundamentais; a primeira é que o Decreto da Alcaldía notificado carece da sinatura do alcalde, requisito esencial do acto, dado que é a proba indispensable da manifestación da vontade do órgano que o emite, ademais disto, a resolución de inadmisión carece da sinatura do alcalde, constando unicamente a sinatura da secretaria accidental, que carece manifestamente de competencia para emitir tales resolucións, tampouco consta no expediente o Decreto coa sinatura do alcalde.

A segunda é que o órgano competente para resolver no ámbito municipal unha solicitude de revisión de oficio é o pleno da corporación, tal e como establece numerosa e reiterada doutrina administrativa, ditámenes do Consello do Estado, diferentes Consellos Consultivos autonómicos e a sentenza do Tribunal Supremo, non de ningún Tribunal Superior autonómica, senón do Supremo 22/2021, que se pronuncia dun xeito inequívoco ó respecto. E é o propio informe emitido polos servizos de secretaría do concello o que así o determina de forma implícita, ó considerar de tratamento plenario a resolución deste recurso de reposición, dado que o recurso de reposición só se pode interpoñer ante o mesmo órgano que ditou o acto recorrido, lóxico.

En canto á terceira das precisións, a suposta carencia manifesta de fundamento argumentada para a inadmisión da solicitude, quedou meridianamente claro o exposto pola xurisprudencia do Supremo a tal respecto, ó establecer



CONCELLO DE
OLEIROS

que a solicitude baseada no art. 47.1 da Lei de Procedemento, que non carezan total e manifestamente de motivación ou fundamento están suficientemente fundamentada para a súa admisión a tramite.

A pesares de todo o exposto, esta administración local reitera a súa proposta de inadmitir a tramite a solicitude de revisión de oficio, aínda que sorprendentemente non evita entrar a pronunciarse e a valorar sobre o fondo do asunto, cuestión que non procedería trala inadmisión por simple coherencia, emitindo unha desestimación presunta sen recabar o preceptivo ditame do Consello Consultivo de Galicia polo que, implícitamente e de facto, admitiron a tramite a solicitude saltándose, iso si e como en tantas ocasións, os tramites preceptivos e as garantías exixidas pola lei, todo un exemplo de incoherencia. En canto ó fondo do asunto e xa que a propia administración pronúnciase a tal respecto, é necesario resaltar varios aspectos...

Neste intre polo alcalde, D. **Ángel García**, sinálaselle ó voceiro do grupo "Socialista" que estaba a intervir que vaia rematando a súa intervención porque leva xa máis de cinco minutos coa súa exposición... Ó que lle contesta o voceiro do grupo "Socialista", D. **Jorge Pérez**, que vai continuar coa súa intervención...

Advírteselle tanto polo alcalde, Sr. **García**, coma pola voceira do goberno municipal de "Alternativa dos Veciños", Sra. **Varela**, que debe respectar os tempos de intervención contidos no Regulamento Orgánico Municipal, indicándolle o alcalde que conta con cinco minutos e leva oito coa súa intervención.

Segue coa súa intervención o voceiro do grupo "Socialista", D. **Jorge Pérez**, sinalando que sobre o primeiro dos motivos argumentados na solicitude de revisión de oficio, que a administración municipal considera que carece manifestamente de fundamento, referido á incompetencia do alcalde para resolver sobre a adquisición de Casa Carnicero, é a propia secretaria accidental que no seu informe...

Neste intre o alcalde, Sr. **García**, volve a advertirlle ó voceiro do grupo "Socialista" que xa leva moi excedido o seu tempo de intervención e ademais sempre dicindo o mesmo, polo que sinálalle que debe rematar a intervención.

Ante a negativa a rematar a súa intervención, facendo uso da palabra, o alcalde advírtelle que vai chamalo á orde.

Neste intre, chámao á tres veces seguidas e ante a negativa a acatar a orde, o alcalde expulsa do salón de plenos ó voceiro do grupo "Socialista", D. **Jorge Pérez**.

Intervén o voceiro do grupo "Mixto"-Ciudadanos, D. **Manuel Moineiro**, sinalando que este é un asunto xa moi debatido neste salón de sesións, incluso houbo unha sesión onde se tratou de xeito monográfico, polo que entende que a xustiza debe resolver sobre si se actuou ben ou mal, pero a realidade é que o casa xa non existe.

En canto ó asunto que se está a tratar hoxe, sobre a legalidade da aceptación por parte municipal da Casa Carnicero, entende que a resolución por parte da secretaria municipal é correcta e tamén que o representante do PSOE presentase alegacións, porque está no seu dereito. Polo tanto, tal e como está o expediente hai que esperar a que resolva a xustiza e se comprobará se a actuación foi axustada a dereito ou non.

Intervén o alcalde, D. **Ángel García**, corroborando as palabras do representante do grupo "Mixto"-Ciudadanos en canto a que a casa non existe, pero xa despois do incendio que padeceu no ano 2019, polo que non se tirou



CONCELLO DE
OLEIROS

ningunha casa. As actuacións están xudicializadas agora debido a denuncias de varios representantes da corporación, cando resolvan os tribunais poderase falar do tema, polo que non ten senso ningún seguir debatendo sobre o mesmo debéndose someter a votación.

Votación

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de 'asuntos de competencia plenaria' que tivo lugar o pasado 23 de maio de 2022, acadándose o resultado de **trece (13) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de "Alternativa dos Veciños"); **unha (01) abstención** (unha (01) do grupo municipal "Mixto"-Ciudadanos) e **catro (04) votos en contra** (catro (04) do grupo municipal "Popular").

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

"O pasado 16/09/2021, o portavoz do PSOE, D. Jorge Pérez Méndez presento recurso de reposición contra o decreto da alcaldía nº polo que se inadmitiu a trámite a solicitude de revisión de oficio do acordo de aceptación da cesión do inmovible Casa Carnicero.

A Secretaria Accidental emitiu informe o día 18 de maio de 2022, que dí:

Seguindo os fundamentos do informe emitido Propónse ao Concello Pleno que adopte o acordo seguinte:

Antecedentes.-

D. Jorge Pérez Méndez, en representación do Grupo Municipal Socialista de Oleiros, presentou no rexistro do Concello o día 16/09/2021, co nº 2021015478, recurso de reposición contra o Decreto de Alcaldía nº 2021003965 de 13 de agosto, polo que se inadmitiu a trámite a solicitude presentada o 25 de febreiro do 2021, de revisión de oficio do acto administrativo polo que se acordou a adquisición gratuíta do inmovible denominado "Casa Carnicero".

Fundamenta a solicitude da revisión de oficio no seguinte:

1º.- Que a notificación realizada do Decreto de Alcaldía carece de sinatura do alcalde.

2º.- Que o órgano competente segundo a doutrina para resolver, no ámbito municipal, a revisión de oficio é o Pleno da corporación, tomando como base a doutrina recente, entre elas, Ditame 1.093/2005 de 19 de xaneiro; 374/2006 de 4 de maio; 620/2007 de 17 de xaneiro; 421/2014 de 25 de setembro; 367/2017 de 7 de setembro; 522/2019 de 12 de novembro...

Incide na Sentenza de 22/2021 de 25 de xuño, como a máis recente que menciona que é o Pleno da entidade o que ten competencia para a resolución dos expedientes de revisión de oficio dos actos nulos de pleno dereito adoptados polos órganos das corporacións locais.

3º.- Que a resolución de inadmisión notificada non é conforme a dereito por 3 razóns que desenvolve na súa solicitude, traendo a colación a STS 254/2021 de 24 de febreiro:

- Límites da revisión de oficio e a posibilidade de declarar a inadmisión do procedemento de revisión
- Necesidade de invocar unha causa de nulidade como fundamento da revisión de oficio.
- Trámite de subsanación e mellora da solicitude de revisión de oficio.

Tras a reprodución de parte da sentenza establece as seguintes conclusións:

a.- Que non hai fundamentos para que unha administración pública poida declarar a inadmisibilidade dun procedemento de revisión de oficio por algunha das causas ás que se refire o artigo 110 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común, xa que isto afectaría gravemente á seguridade xurídica.

b.- Que o procedemento de revisión de oficio deberá instruírse e resolverse conforme ás regras xerais do procedemento administrativo.

c.- Dado que o Concello inadmitiu a solicitude de revisión alegando que "carece manifestamente de fundamento". A motivación da solicitude de revisión de oficio á que se refire o artigo 106.3 debe entenderse



CONCELLO DE
OLEIROS

como a explicación do feito concreto e a súa remisión ou vinculación coas causas de nulidade do artigo 47.1 da Lei 39/2015, non requirindo unha motivación exhaustiva.

Reitera que a súa solicitude recollía tres causas de nulidade de pleno dereito tipificadas no artigo 47.1 da LPACAP que son:

- 1.- Acto ditado por un órgano manifestamente incompetente en razón da materia.
- 2.- Acto ditado prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido.
- 3.- Acto de contido imposible

E remata o seu escrito solicitando que teña por interposto Recurso de Reposición contra a resolución de inadmisión da solicitude de revisión de oficio de actos nulos, que presentou o 25 de febreiro de 2021 e que se proceda a declarar a nulidade da citada resolución de inadmisión, procedendo á admisión e instrución do procedemento de revisión de oficio conforme á normativa vixente.

Normativa aplicable.-

- Lei 39/2015, do 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.
- Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais.
- Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público, por la que se transponen al ordenamiento jurídico español las Directivas del Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014.
- Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local.

Fundamentos xurídicos.-

A primeira cuestión abordada polo recorrente é o feito de que a notificación da resolución que inadmite a revisión de oficio que lle foi enviada carece da sinatura do Alcalde.

As notificacións dos actos administrativos corresponden ao Secretario/a da Corporación como unha extensión da fe pública, tal como dispón o artigo 192.2 do ROF, "**2. Las comunicaciones que se dirijan a las autoridades serán firmadas por los Presidentes de las Corporaciones, y las demás que den traslado de acuerdos o resoluciones, por el responsable de la Secretaría.**"

No referido ao contido das notificacións dos actos administrativos debe axustarse ao que dispón o artigo 40 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo, como así foi e pode comprobarse no expediente administrativo. Polo tanto, neste punto procede desestimar a alegación de incorrección da notificación recibida, dado que a mesma estaba asinada pola responsable da Secretaría e se axusta no seu contido ao artigo 40.

A segunda das cuestións é referida á incompetencia do Alcalde para resolver o procedemento de revisión de oficio. A doutrina a este respecto está dividida: por unha parte atopamos a doutrina que considera que debe ser o Pleno da corporación o órgano que resolva, que é a alegada polo recorrente; e por outro, doutrina como a que serviu de base para inadmitir a solicitude de revisión de oficio e que se recolle entre outras na Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza da C. Valenciana, Sala do contencioso-administrativo, sección 1ª. Sentenza num. 160/2020 do 6 de marzo que considera que, dado que non está atribuída a competencia a ningún dos órganos municipais no artigo 21 e 22 da Lei de Bases de Réxime Local, poderá acudir-se á competencia subsidiaria do Alcalde, que se regula no artigo 21.1 letra s) da LBRL, que di:

s) Las demás que expresamente le atribuyan las leyes y aquellas que la legislación del Estado o de las comunidades autónomas asignen al municipio y no atribuyan a otros órganos municipales.

Porén, para maior seguridade xurídica, o acordo adoptado poderá ser ratificado polo Pleno da Corporación eliminando así calquera dúbida ao respecto da competencia.

En terceiro lugar, canto a improcedencia de inadmitir a trámite a revisión de oficio do acto nulo Decreto de Alcaldía nº nº 2021003965 de 13 de agosto, o recorrente fai unha exposición das cuestións que foron obxecto de interese casacional na Sentenza do TS, STS 254/2021 de 24 de febreiro, que como se xustificará a continuación non só concorren no presente caso:

- 1.- Os límites da revisión de oficio e a posibilidade de declarar a inadmisión do procedemento de revisión.



Os límites da revisión de oficio veñen recollidos no artigo 110 da LPA que di: *“Las facultades de revisión establecidas en este Capítulo, no podrán ser ejercidas cuando por prescripción de acciones, por el tiempo transcurrido o por otras circunstancias, su ejercicio resulte contrario a la equidad, a la buena fe, al derecho de los particulares o a las leyes.”*

O TS considera que os límites establecidos para a revisión de oficio non poden ser utilizados como causas de inadmisión a trámite, dado que estas causas se recollen no artigo 102. 3 (hoxe 106.3 da LPA), para poder fundar a improcedencia de revisión de oficio nos límites da revisión é preciso a tramitación do corresponde expediente o efecto.

A resolución nº 2022003965 non se funda nos límites da revisión de oficio do artigo 110 LPA, polo tanto, non aplica ao presente caso.

2.- Necesidade de invocar unha causa de nulidade:

O recorrente alegou na súa solicitude de revisión de oficio a concorrencia de tres causas de nulidade de pleno dereito pola motivación que se expuxo no decreto 2021003965 do 13 de agosto a solicitude foi considerada carente de fundamento como así o permite o artigo 106.3. A este respecto considera o TS como ben indica o recorrente, que a motivación debe non só fundarse na concorrencia dunha causa de nulidade senón tamén deberá razoarse o porqué aplicando ao caso de autos se esa existencia concorre a causa de nulidade que se invoca. Esta cuestión foi obxecto de análise no informe xurídico que serviu de base para motivar a inadmisión a trámite da revisión de oficio no que se concluíu que a solicitude carecía de fundamento por non considerar que os presupostos alegados non eran razoables para considerar xustificada a petición de revisión de oficio e que aquí se analizará brevemente a continuación.

3.- O trámite de subsanación e mellora da solicitude de revisión de oficio.

O recorrente reproduce en parte esta cuestión de interese casacional na STS 254/2021 de 24 de febreiro. O TS considera que o trámite de subsanación é un trámite xeral aplicable a todo procedemento administrativo pero tamén considera que no procedemento especial de revisión de oficio deberá terse en conta que o trámite comporta a posibilidade de subsanar deficiencias na petición, en modo algún corrixir os defectos esenciais da petición, que excedería da finalidade do trámite. E así, dificilmente podería pretenderse a subsanación da omisión de invocar, nunha petición desta natureza, a expresión da concorrencia da causa de nulidade de pleno dereito, que é onde se funda a argumentación do debate.

No expediente de revisión de oficio tramitado con ocasión da solicitude realizada polo Sr. Pérez, non se apreciou erro ningún que requirise a concesión do trámite de subsanación, e en consecuencia a inadmisión a trámite non se baseou na carencia de algún elemento formal senón na carencia de fundamento; razón pola que non procedía a concesión do trámite de subsanación demandado agora polo recorrente, coincidindo co disposto polo TS a este respecto.

Polo tanto as cuestións que foron de interese casacional na Sentenza do TS 254/2021 non serven para considerar improcedente a inadmisión a trámite da solicitude de revisión de oficio e xustificar a necesidade da tramitación do expediente de revisión de oficio por tratarse dun acto nulo de pleno dereito o acordo de adquisición gratuíta do inmovible “Casa Carnicero”.

As causas de nulidade alegadas foron as seguintes:

- 1.- Acto ditado por un órgano manifestamente incompetente en razón da materia.
- 2.- Acto ditado prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido.
- 3.- Acto de contido imposible

1) Respecto a primeira das alegacións do Sr. Pérez, correspondente á incompetencia do órgano que ditou o acto, fundamentouse a resolución de inadmisión no seguinte: No establecido nos puntos 9 e 10 da Disposición Adicional Segunda da LCSP, que dispón o seguinte:

“9.En las entidades locales corresponde a los Alcaldes y a los Presidentes de las Entidades Locales la competencia para la celebración de los contratos privados, así como la adjudicación de concesiones sobre los bienes de las mismas y la adquisición de bienes inmuebles y derechos sujetos a la legislación patrimonial cuando el presupuesto base de licitación, en los términos definidos en el artículo 100.1, no supere el 10 por ciento de los recursos ordinarios del presupuesto ni el importe de tres millones de euros, así como la enajenación del patrimonio, cuando su valor no supere el porcentaje ni la cuantía indicados.”



“10. Corresponde al Pleno la competencia para celebrar contratos privados, la adjudicación de concesiones sobre los bienes de la Corporación y la adquisición de bienes inmuebles y derechos sujetos a la legislación patrimonial así como la enajenación del patrimonio cuando no estén atribuidas al Alcalde o al Presidente, y de los bienes declarados de valor histórico o artístico cualquiera que sea su valor”.

Non é certa a aseveración do recorrente de que o precepto esixa que a adquisición de bens de valor histórico sexa competencia do Pleno, senón que é unicamente a enaxenación de bens de valor histórico, a que esixe que sexa o Pleno o órgano competente.

Segundo o precepto transcrito, a adquisición de bens inmobles con independencia de que se trate de bens de valor histórico ou artístico corresponde ao Alcalde ou ao Pleno segundo o valor dos bens, supere ou non o 10% do recursos ordinarios do orzamento. Dado que o 10% dos recursos ordinarios do orzamento municipal ascendía a 2.765.418,12€ e o do ben inmovible a adquirir 95.046,94€, o órgano competente para acordar a adquisición de dito inmovible será o Alcalde e non o Pleno.

En todo caso esta interpretación é acorde coa finalidade das leis de patrimonio histórico, a protección do patrimonio histórico polas distintas administracións públicas, o que leva a excepcionalidade da esixencia de que sexa requirido acordo de Pleno para a enaxenación dos mesmos e non así para a adquisición.

Non existe fundamento para facer ningunha outra interpretación sobre a competencia para a adquisición do ben inmovible Casa Carnicero.

2) Respecto a nulidade por tratarse dun acto administrativo nulo de pleno dereito por ditarse prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido por ausencia do expediente administrativo de taxación pericial.

O Concello seguiu os trámites recollidos nos artigos 12 y 13 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado polo Decreto 1372/1986, do 16 de xuño:

- Artigo 12 RBEL:

“1. La adquisición de bienes a título gratuito no estará sujeta a restricción alguna.

2. No obstante, si la adquisición llevare aneja alguna condición o modalidad onerosa, solo podrán aceptarse los bienes previo expediente en el que se acredite que el valor del gravamen impuesto no excede del valor de lo que se adquiere.

3. La aceptación de herencias se entenderá a beneficio de inventario”.

- Artigo 13 RBEL:

“Si los bienes se hubieren adquirido bajo condición o modalidad de su afectación permanente a determinados destinos, se entenderá cumplida y consumada cuando durante treinta años hubieren servido al mismo y aunque luego dejaren de estarlo por circunstancias sobrevenidas de interés público”.

O Concello de Oleiros seguiu para a adquisición gratuíta do ben inmovible “Casa Carnicero” o establecido nos arts. 11 e 12 del RBEL, específico para a adquisición de bens a título gratuíto por doazón. Dado que se aceptou a condición onerosa de pagamento dos impostos que estaban pendentes nese intre no Concello de Oleiros, vinculados a ese ben, foi necesario deixar constancia no expediente que o valor da condición onerosa non era superior o valor do cedido como esixe a normativa para considerar que se trata dunha doazón.

Polo tanto, non procede esta alegación do solicitante, xa que non se pode considerar en ningún caso que se prescindiu total e absolutamente do procedemento legalmente establecido.

Na lei non hai un procedemento específico ao respecto, e no expediente tramitado para a adquisición da Casa Carnicero, quedou sobradamente acreditado o valor do ben adquirido, coa valoración catastral posteriormente ratificada polo Arquitecto municipal e o valor dos impostos, condición admitida polo Concello, co informe do responsable do servizo de recadación, ambos incorporados ao expediente administrativo.

Na resolución fíxose mención expresamente para fundamentar a inadmisión a trámite da revisión de oficio diversa xurisprudencia, destacando as seguintes sentenzas:

- *La STS de 20 de julio de 2005, que establece que “Debe acordarse que la nulidad prevista en este artículo 62.1.e) no la provoca cualquier irregularidad procedimental sino sólo aquellas de gravedad extrema, constituidas por la ausencia absoluta y total de procedimiento, por haberse seguido uno totalmente diferente o por haberse*



omitido sus principales trámites". Por tanto, se concluye que la nulidad no la provoca cualquier irregularidad procedimental.

- La STS de 17 de octubre de 2000, que indicó que para invocar esta causa de nulidad es necesario que la infracción cometida por el acto administrativo que se impugne deba ser "clara, manifiesta y ostensible", es decir; la ausencia total del trámite o de seguir un procedimiento distinto.

- La STSJ del País Vasco (Sala del Contencioso-Administrativo) de 10 de julio de 1997, que manifiesta que no basta con la omisión de alguno de estos trámites esenciales por el importe que sea. En todo caso, se reputaría como una causa de anulabilidad, siempre que la ausencia de este trámite provocara la carencia de los requisitos indispensables para conseguir su fin o provocara indefensión de los interesados. A tales efectos, se citan varias sentencias en que se determinan las circunstancias que crean tal indefensión, no procediendo en el caso que nos ocupa.

En consecuencia a alegación de que se prescindiu total e absolutamente do procedemento legalmente establecido, carece de fundamento.

3) Por último, respecto a que se trata dun acto de contido imposible, debido a diferente valoración na taxación do inmovible.

En ningún caso podería falarse de contido imposible do acordo de adquisición, pois o ben adquirido está dentro do comercio e dos actos de disposición e a translación da propiedade realizouse polos seus propietarios, como consta acreditado no expediente.

A imposibilidade dos actos pode ser física, ideal ou xurídica, e de carácter material ou físico (STS de 19 de maio de 2000 y STS de 2 de novembro de 2004 y STS de 31 de maio de 2012), neste caso non concorreu ningunha delas.

Pese a que a existencia de valoración ou non; non pode fundamentar o contido imposible do acordo de adquisición non é certo que existan distintas valoracións do inmovible. O expediente iniciouse o 18 de novembro de 2019 a solicitude dos titulares do ben, pero non foi posible rematalo ata finais do ano 2020 debido á falta de documentación a presentar polos donantes, a necesidade de autorización xudicial, a valoración catastral vixente o inicio do expediente administrativo e o final do mesmo, non era a mesma; ditos valores foron actualizados polo órgano competente. Por outra banda, no transcurso do expediente a Casa Carnicero sufriu un incendio que destruíu a edificación, motivo polo cal, no momento da transmisión só se tivo en conta o valor do terreo e non o da construción.

Concluíndo, a alegación de nulidade do acto por tratarse dun acto de contido imposible, carece de fundamento ningún.

Por todo o anterior propónse a Alcaldía:

1. Ratificar polo Pleno o acordo de inadmisión a trámite da solicitude de revisión de oficio nº 2021003965 de 13 de agosto.

2. Desestimar o recurso de reposición presentado polo concelleiro do PSOE, D. Jorge Pérez o día 16/09/2021, co nº 2021015478 de rexistro, confirmando o decreto de inadmisión a trámite da revisión de oficio interposto contra o acordo de aceptación da cesión do inmovible denominado "Casa Carnicero".

PRIMEIRO.- Ratificar o decreto da alcaldía decreto da alcaldía nº 2021003965 de 13 de agosto polo que se inadmitiu a trámite a revisión de oficio do acto administrativo polo que se aceptou a cesión gratuita do inmovible Casa Carnicero.

SEGUNDO.- Notificar os interesados.

Contra este acordo, por ser un acto que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano administrativo que o dita no prazo DUN MES que comezará a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP). Tamén poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo da cidade da Coruña, no prazo de DOUS MESES que comezará a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co disposto na Lei 29/98 de 13 de xullo da xurisdición contencioso-administrativa.

Todo isto sen prexuízo da facultade de interposición do recurso extraordinario de revisión cando conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 125 da antedita Lei 39/2015 de 1 de outubro, LPACAP de formular a solicitude á que se refire o artigo 106.1 da citada Lei, ou de interpoñer aqueloutros que estime procedentes."



CONCELLO DE
OLEIROS

Punto 8.- Aprobación, se procede, da declaración da FEMP e do código de conduta contra a fraude

Expón o asunto a voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a **M^a José Varela**, explicando que as entidades que participen no plan de recuperación, transformación e resiliencia que xestionen fondos públicos New Generation, teñen que aprobar un plan antifraude e o Concello de Oleiros debe aprobalo tamén, como solicitante da participación nestes fondos, de ser o caso de que nolos concedan.

Trátase dunha orientación para reforzo dos mecanismos para prevención, detección e corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de intereses. Este documento propón a aprobación das medidas preventivas seguintes:

- 1.- Unha declaración institucional fronte á fraude, incorporando o correspondente modelo obrante no expediente.
- 2.- Aprobación dun código de conduta, que obra tamén no expediente.

Unha vez aprobadas tanto a declaración coma o código de conduta, o documento propón a súa difusión entre o persoal a través da súa publicación na intranet e mediante a remisión dun correo electrónico a cada membro da organización, comunicándolle esta publicación.

No código de conduta, identifícase a obriga de confidencialidade e segredo que lles afecta ós empregados e empregadas públicas e nunha fase posterior, o concello deberá aprobar o plan de medidas antifraude. Por todo isto, propónse a aprobación da declaración institucional contra a fraude que xa a coñecen ó terse remitida coa documentación desta sesión plenaria e tamén, o código de conduta.

Intervén o voceiro do grupo “Popular”, D. **José A. Bonome**, preguntando ó alcalde se deu lectura á declaración institucional e o código de conduta, porque daríalle a risa ó ser xusto a imaxen contraria que proxecta como dirixente deste concello.

Nesta declaración sinálase que “...o alcalde titular da entidade executora quere manifestar o seu compromiso con estándares máis altos no cumprimento das normas xurídicas, éticas e morais.” De todos é coñecido que o alcalde xa estivo inhabilitado e condenado en varias ocasións, seguramente que non foi por cumprir tódalas normas.

Tamén sinala “Asegurarán un trato igual e sen discriminacións de ningún tipo no exercicio das súas funcións”, no pleno anterior convocado, por exemplo, foi obxecto de denuncia as discriminacións que sofren algúns concelleiros en canto ó trato recibido. Sinala tamén “Manterán unha conduta digna e tratarán ós cidadáns con esmerada corrección” e ás veces dexa moito que desexar a súa corrección. Outra máis “austeridade, xestionarán os recursos públicos con eficiencia e racionalizando o gasto”, non será polo que se gasta nos medios de comunicación.

Tamén contén a definición de conflito de intereses “...Enténdese que un alto cargo está incurso en conflito de intereses cando a decisión que vaia a adoptar, de acordo co previsto no artigo 15, poida afectar os seus intereses propios, os intereses familiares, incluíndo os do seu cónxuxe ou persoa coa que conviva en análoga relación...” hai pouco tratouse aquí o expediente de venda de parcelas e o proceder do alcalde é claro que non concordan cun xeito de bo proceder.

Finalmente, deixa constancia de que o seu grupo votará a favor da proposta porque consideran que é necesaria tanto neste concello coma nas demais administracións, aínda que chega 40 anos tarde.



CONCELLO DE
OLEIROS

Intervén o voceiro do grupo “Mixto”-Ciudadanos, D. **Manuel Moineiro**, sinalando que despois de 40 anos de goberno da “Alternativa dos Veciños” neste municipio pode haber luces e sombras, porque pasados tantos anos fixéronse cousas ben, outras mal, etc. polo que revisar o pasado non procede neste intre.

Están aquí para falar de futuro, para que a partir deste intre as cousas que se fan mal ou regular se fagan mellor, votará a favor lóxicamente e reitera o dito no derradeiro pleno, en canto a que as cousas se fagan ben e ademais se fagan dun xeito xeneroso cos grupos da oposición, é o mellor para o concello e tamén é o que pensa a xente de fóra para que haxa un bo clima dentro da corporación.

Intervén o alcalde, D. **Ángel García**, explicando que se esta declaración e compromiso dun código ético que se achega hoxe aquí desde as institucións europeas para que sexa tratado e aprobado nas diferentes administracións do Estado será por algo.

Ó mellor é porque despois das actuacións que levaron a cabo diferentes gobernos que padeceu a cidadanía, sobre todo por parte do Partido Popular, que arrasaron con todo, porque por exemplo non hai un ministro do mandato de José M^a Aznar que non estea procesado, incluso algún deles no cárcere, por iso este tipo de actuacións preocupan en Europea e de aí que se establezan estas normas para evitar este tipo de feitos.

Tratar de terxiversar o que hoxe se achega para a súa aprobación, botando balóns noutro tellado, parécelle tremendo. Ademais referíndose a súa inhabilitación de hai anos, un auténtico atropello, porque non debe esquecerse que foi por unha denuncia do Partido Popular, o pai do candidato naquel intre do PP en Oleiros, que era un dos co propietarios da praia de Santa Cristina, presentando unha denuncia contra él por sacar unhas pedras da praia conseguindo unha burda inhabilitación por ese motivo, pero non por roubar por suposto, por defender a ética e a honestidade e a praia, que é de todos.

Por outra banda e despois do dito ¿Ten algunha dúbida o voceiro do Partido Popular de Oleiros sobre o expediente de adquisición das parcelas e onde Otilia Mejuto adquiriu unha? ...

Contesta o voceiro do grupo “Popular”, D. **José A. Bonome**, enfatizando que non dixo iso... porque o que sinala a declaración é que hai que ter coidado no apartado de “conflicto de intereses” cos asuntos propios, do cónxuxe, etc. Ante a insitencia do alcalde sobre que deixe claro se ten algunha dúbida a respecto do expediente de adquisición pública de parcelas municipais, o voceiro do grupo “Popular” aclara que non dixo que fora ilegal, porque de selo estaría xa denunciado nos xulgados, aínda que algunha dúbida ten...

Neste intre establécese debate entre ambos, no que intenta participar tamén a concelleira do grupo “Popular”, Sra. **Silva**, que é avisada polo alcalde de que non tiña a palabra e que non podía intervir, que non estaba na escola.

Volvendo ó debate entre o Sr. **García** e o Sr. **Bonome**, o alcalde pregunta sobre que outra condea por inhabilitación tivo, ó que lle responde o voceiro do grupo “Popular” que un xuíz condeouno a pagar unha multa por falla de respecto e remata a súa intervención o voceiro do PP de Oleiros, D. **José A. Bonome**, dicindo que o que demostra o alcalde é que nen sequera deu lectura á proposta que achega o goberno local.



CONCELLO DE
OLEIROS

Segue coa quenda de contestación o alcalde, D. **Ángel García**, esta vez ó salientado polo voceiro do grupo “Mixto”-Ciudadanos en canto ó dito de que houbo “luces e sombras” na súa xestión ó longo de tanto anos, ó que pode dicir que leva moitísimos anos gobernando con ética e con honradez e isto claro non se entende por parte de gran parte dos políticos deste país que o único que teñen na cabeza é roubar e enriquecerse a conta do erario público, pero non é o caso de “Alternativa dos Veciños” e o que parece que non entenden é que a ética e a honradez sexa a bandeira dunha persoa que dirixe ó seu grupo, que leva tanto tempo gobernando e que conta co apoio maioritario da veciñanza elección tras elección, iso é o que lles molesta.

Intervén por alusións o voceiro do grupo “Mixto”-Ciudadanos, D. **Manuel Moineiro**, manifestando que xa o dixo en varias ocasións que o alcalde goberna o concello grazas ó voto masivo da veciñanza de Oleiros e iso é un dato incontestable e en canto ó dito de que houbo luces e sombras, está claro que é así porque a perfección non existe, é imposible que non houbera ningún erro en tantos anos de xestión e recoñecerá o alcalde que nalgunha ocasión se puideron facer as cousas mellor.

Reitera que o alcalde está onde está porque así o quixo maioritariamente o pobo de Oleiros e él seguirá coa súa postura de facer unha oposición construtiva no ano que queda de mandato, espera que as relacións melloren, porque o que remata de acontecer hai uns intreiros co voceiro do grupo “Socialista” non é agradable.

Contéstalle o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que a lei establece que él dirixe o pleno e ante o anuncio de que tiña esgotado con creces o seu tempo de intervención, o voceiro do grupo “Socialista” desafiouno dicindo que ía continuar coa súa intervención ata que quixera e esta actitude non pode permitirlo nin a él, nin a ninguén.

Antes de pasar á votación solicita a palabra e intervén da orde do alcalde a concelleira do grupo “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, rogándolle ó alcalde que non se refira a temas persoais e de fóra do ámbito da corporación, porque cre que en ningún momento mezclou a súa vida persoal ou profesional aquí no pleno, que entende e acata que o alcalde sexa quen dirixe o pleno, pero insiste en que lle roga que non faga alusións a cuestións de tipo persoal que nada teñen que ver co ámbito político.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de ‘asuntos de competencia plenaria’ que tivo lugar o pasado 23 de maio de 2022, acadándose o resultado da unanimidade dos asistentes presentes neste intre na sesión, é dicir, **dezaoito (18) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; catro (04) do grupo municipal “Popular” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“Antecedentes

Mediante Providencia de data 11/05/2022 da Concelleira delegada de Economía, Facenda e Contratación, dona Sandra Fernández Fernández encárgase ao Servizo de Intervención que instrúa o procedemento para a aprobación do plan antifraude e actuacións posteriores de control e revisión do plan.



As entidades que participen no Plan de recuperación, transformación e resiliencia que xestionen fondos públicos New Generation teñen que aprobar un plan antifraude, segundo dispón o artigo 6 da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR no sucesivo).

A Dirección Xeral do Plan e do Mecanismo de recuperación e resiliencia, pertencente ao Ministerio de Facenda e Función Pública aprobou, con data 24 de xaneiro de 2022, o que denomina “Orientacións para o Reforzo dos mecanismos para a prevención, detección e corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de intereses, referidos no artigo 6 da Orde HFP 1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia” (o documento, nas seguintes referencias).

Este documento propón a aprobación das seguintes medidas preventivas:

- a) Unha declaración institucional fronte a fraude incorporando o correspondente modelo no Anexo III.
- b) Aprobación dun código de conduta facilitando o modelo do Anexo IV.

Unha vez aprobadas a declaración e o código de conduta, o documento propón a súa difusión entre o persoal a través da súa publicación na intranet e mediante a remisión dun correo electrónico a cada membro da organización comunicándolle tal publicación, incluíndo no devandito correo unha ligazón á publicación. No Código de Conduta identifícase a obriga de confidencialidade e secreto que lles incumbe aos empregados/as públicos, así como a política de obsequios á que están sometidos.

Nunha fase posterior, o Concello deberá aprobar o Plan de medidas antifraude. O Anexo I do documento incorpora un modelo de Plan.

Unha vez elaborado o Plan, deberase responder aos cuestionarios de autoavaliación do Plan, recollidos no Anexo II da Orde 1030/2021, aos efectos de verificar a suficiencia das medias alí desenvolvidas.

Se na execución dos proxectos financiados co PRTR se detecta un indicio de fraude ou corrupción, deberá incoarse o procedemento sinalado para liquidalo.

Polo anterior,

PROPONSE

Que polo Pleno se aprrobe a Declaración Institucional antifraude e o Código Ético seguintes: (...)”

A vista dos antecedentes e da proposta, é polo que proponho a pleno que acorde o seguinte:

Declaración institucional contra a fraude.

O Concello de Oleiros pretende ter a condición de Entidade Executora do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, segundo o disposto na Orde 1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación e Resiliencia, en tanto vai solicitar, no ámbito das súas competencias, a execución de Proxectos ou Subproxectos das Reformas e Investimentos incluídas no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

O Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia sinala a obriga de que teñen os Estados Membros de aplicar medidas adecuadas para protexer os intereses financeiros da Unión, e para velar por que a utilización dos fondos en relación coas medidas financiadas polo Mecanismo de Recuperación e Resiliencia se axuste ao dereito aplicable da Unión e nacional, en particular no que se refire á prevención, detección e corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de intereses.

O Alcalde titular da entidade executora quere manifestar o seu compromiso cos estándares máis altos no cumprimento das normas xurídicas, éticas e morais e a súa adhesión aos máis estritos principios de integridade, obxectividade e honestidade, de maneira que a súa actividade sexa percibida por todos os axentes que se relacionan con ela como oposta á fraude e a corrupción en calquera das súas formas.

O persoal da Entidade Local, no seu carácter de empregados públicos, asume e comparte este compromiso tendo entre outros deberes os de “velar polos intereses xerais, con suxeición e observancia da Constitución e do resto do ordenamento xurídico, e actuar conforme os seguintes principios: obxectividade, integridade, neutralidade, responsabilidade, imparcialidade, confidencialidade, dedicación ao servizo público, transparencia, exemplaridade, austeridade, accesibilidade, eficacia, honradez, promoción da contorna cultural



e ambiental, e respecto á igualdade entre mulleres e homes” (Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Estatuto Básico do Empregado Público, artigo 52).

Está a elaborarse un Plan de medidas antifraude para poñer en marcha medidas eficaces e proporcionadas de loita contra a fraude e a corrupción baseado nunha formulación proactivo, estruturado e específico para xestionar o risco de fraude que dea garantías de que o gasto en que se incorreu en actuacións do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia está libre de conflito de interese, fraude e corrupción. Partirase da avaliación do risco de fraude que se realice para o efecto. Adicionalmente, contarase con procedementos para prever, detectar e denunciar situacións que puidesen constituír fraude ou corrupción e para o seguimento das mesmas.

O obxectivo desta política é promover dentro da organización unha cultura que desalente toda actividade fraudulenta e que facilite a súa prevención e detección, promovendo o desenvolvemento de procedementos efectivos para a xestión destes supostos.

En definitiva, o Concello de Oleiros ten unha política de tolerancia cero fronte á fraude e a corrupción e vai establecer un sistema de control robusto, deseñado especialmente para prever e detectar, na medida do posible, os actos de fraude e corrixir o seu impacto, en caso de producirse.

Código de Conduta.

O ordenamento xurídico español recolle unha serie de normas ás que deben atermos no exercicio das súas funcións tanto os membros do Goberno e altos cargos da Administración, como quen teña a condición de empregado público.

Recóllese a continuación extractos de tales normas de forma que queden plasmados nun único documento os artigos de maior relevancia nos que á conduta no exercicio das súas funcións se refire, sen prexuízo de que tales normas sexan aplicables na súa totalidade e sen prexuízo da aplicabilidade do resto de normas vixentes na materia aínda cando non fosen recollidas no presente documento:

1. Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
2. Lei 3/2015, do 30 de marzo, reguladora do exercicio do alto cargo da Administración Xeral do Estado, no que proceda a súa aplicación supletoria ao persoal das entidades locais.
3. Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.
4. Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Estatuto Básico do Empregado Público.
5. Lei 53/1984, do 26 de decembro Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas (última modificación: novembro de 2015).

1. Extracto da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

O título II outorga rango de Lei aos principios éticos e de actuación que deben rexer o labor dos membros do Goberno e altos cargos e asimilados da Administración do Estado, das Comunidades Autónomas e das Entidades Locais. Igualmente, clarifícase e reforza o réxime sancionador que lles resulta de aplicación, en consonancia coa responsabilidade á que están suxeitos.

Este sistema busca que os cidadáns conten con servidores públicos que axusten as súas actuacións aos principios de eficacia, austeridade, imparcialidade e, sobre todo, de responsabilidade. Para cumprir este obxectivo, a Lei consagra un réxime sancionador estruturado en tres ámbitos, un deles, as infraccións en materia de conflito de intereses.

TÍTULO II . Bo goberno

Artigo 25. Ámbito de aplicación.

1. No ámbito da Administración Xeral do Estado as disposicións deste título aplicaranse aos membros do Goberno, aos Secretarios de Estado e ao resto dos altos cargos da Administración Xeral do Estado e das entidades do sector público estatal, de Dereito público ou privado, vinculadas ou dependentes daquela.

Para estes efectos, consideraranse altos cargos os que teñan tal consideración en aplicación da normativa en materia de conflitos de intereses.



CONCELLO DE
OLEIROS

2. Este título será de aplicación aos altos cargos ou asimilados que, de acordo coa normativa autonómica ou local que sexa de aplicación, teñan tal consideración, incluídos os membros das Xuntas de Goberno das Entidades Locais.

3. A aplicación aos suxeitos mencionados nos apartados anteriores das disposicións contidas neste título non afectará, en ningún caso, á condición de cargo electo que puidesen ostentar.

Artigo 26. Principios de bo goberno.

1. As persoas comprendidas no ámbito de aplicación deste título observarán no exercicio das súas funcións o disposto na Constitución Española e no resto do ordenamento xurídico e promoverán o respecto aos dereitos fundamentais e ás liberdades públicas.

2. Así mesmo, adecuarán a súa actividade aos seguintes:

a) Principios xerais:

1.º Actuarán con transparencia na xestión dos asuntos públicos, de acordo cos principios de eficacia, economía e eficiencia e co obxectivo de satisfacer o interese xeral.

2.º Exercerán as súas funcións con dedicación ao servizo público, absténdose de calquera conduta que sexa contraria a estes principios.

3.º Respetarán o principio de imparcialidade, de modo que manteñan un criterio independente e alleo a todo interese particular.

4.º Asegurarán un trato igual e sen discriminacións de ningún tipo no exercicio das súas funcións.

5.º Actuarán coa dilixencia debida no cumprimento das súas obrigacións e fomentarán a calidade na prestación de servizos públicos.

6.º Manterán unha conduta digna e tratarán aos cidadáns con esmerada corrección.

7.º Asumirán a responsabilidade das decisións e actuacións propias e dos organismos que dirixen, sen prexuízo doutras que fosen esixibles legalmente.

b) Principios de actuación:

1.º Desempeñarán a súa actividade con plena dedicación e con pleno respecto á normativa reguladora das incompatibilidades e os conflitos de intereses.

2.º Gardarán a debida reserva respecto a os feitos ou informacións coñecidos con motivo ou ocasión do exercicio das súas competencias.

3.º Poñerán en coñecemento dos órganos competentes calquera actuación irregular da cal teñan coñecemento.

4.º Exercerán os poderes que lles atribúe a normativa vixente coa finalidade exclusiva para a que foron outorgados e evitarán toda acción que poida poñer en risco o interese público ou o patrimonio das Administracións.

5.º Non se implicarán en situacións, actividades ou intereses incompatibles coas súas funcións e absteranse de intervenir nos asuntos en que conorra algunha causa que poida afectar á súa obxectividade.

6.º Non aceptarán para si agasallos que superen os usos habituais, sociais ou de cortesía, nin favores ou servizos en condicións vantaxosas que poidan condicionar o desenvolvemento das súas funcións. No caso de obsequios dunha maior relevancia institucional procederase á súa incorporación ao patrimonio da Administración Pública correspondente.

7.º Desempeñarán as súas funcións con transparencia.

8.º Xestionarán, protexerán e conservarán adecuadamente os recursos públicos, que non poderán ser utilizados para actividades que non sexan as permitidas pola normativa que sexa de aplicación.

9.º Non se valerán da súa posición na Administración para obter vantaxes persoais ou materiais.

3. Os principios establecidos neste artigo informarán a interpretación e aplicación do réxime sancionador regulado neste título.

Artigo 27. Infraccións e sancións en materia de conflito de intereses.



O incumprimento das normas de incompatibilidades ou das que regulan as declaracións que han de realizar as persoas comprendidas no ámbito deste título será sancionado de conformidade co disposto na normativa en materia de conflitos de intereses da Administración Xeral do Estado e para o resto de Administracións de acordo coa súa propia normativa que resulte de aplicación.

2. Extracto da Lei 3/2015, do 30 de marzo, reguladora do exercicio do alto cargo da Administración Xeral do Estado.

Un alto cargo, pola responsabilidade que conleva e a relevancia das funcións que desempeña, só pode ser exercido por persoas que, constatada a súa competencia persoal e profesional, respecten o marco xurídico que regule o desenvolvemento da súa actividade. Neste sentido, esta lei aclara, reforza e amplía devandito marco xurídico con vistas a garantir que o exercicio do cargo realícese coas máximas condicións de transparencia, legalidade e ausencia de conflitos entre os seus intereses privados e os inherentes ás súas funcións públicas.

Cítase esta normativa polo que puidera ser de aplicación supletoria ao persoal das entidades locais.

Artigo 3. Exercicio do alto cargo.

1. O exercicio do alto cargo queda sometido á observancia, ademais da as disposicións de bo goberno recollidas na Lei 19/2013, do 9 de decembro, especialmente aos seguintes principios:

- a) Interese xeral: servirán con obxectividade aos intereses xerais.
- b) Integridade: actuarán coa debida dilixencia e sen incorrer en risco de conflitos de intereses.
- c) Obxectividade: adoptarán as súas decisións á marxe de calquera factor que exprese posicións persoais, familiares, corporativas, clientelares, ou calquera outras que poidan estar en colisión con este principio.
- d) Transparencia e responsabilidade: adoptarán as súas decisións de forma transparente e serán responsables das consecuencias derivadas da súa adopción.
- e) Austeridade: xestionarán os recursos públicos con eficiencia e racionalizando o gasto.

2. Os principios enunciados no apartado anterior informarán a normativa aplicable ao exercicio das funcións e a actividade dos altos cargos. Servirán así mesmo de criterios interpretativos á hora de aplicar as disposicións sancionadoras.

O seu desenvolvemento e as responsabilidades inherentes ao seu eventual incumprimento regularanse polas normas vixentes sobre bo goberno no seu correspondente ámbito de aplicación.

TÍTULO II. Réxime de conflitos de intereses e de incompatibilidades

Artigo 11. Definición de conflito de intereses.

1. Os altos cargos servirán con obxectividade os intereses xerais, debendo evitar que os seus intereses persoais poidan influír indebidamente no exercicio das súas funcións e responsabilidades.

2. Enténdese que un alto cargo está incurso en conflito de intereses cando a decisión que vaia a adoptar, de acordo co previsto no artigo 15, poida afectar os seus intereses persoais, de natureza económica ou profesional, por supoñer un beneficio ou un prexuízo aos mesmos. Considéranse intereses persoais:

- a) Os intereses propios.
- b) Os intereses familiares, incluíndo os do seu cónxuxe ou persoa con quen conviva en análoga relación de afectividade e parentes dentro do cuarto grao de consanguinidade ou segundo grao de afinidade.
- c) Os das persoas con quen teña unha cuestión litixiosa pendente.
- d) Os das persoas con quen teña amizade íntima ou inimidade manifesta.
- e) Os de persoas xurídicas ou entidades privadas ás que o alto cargo estivese vinculado por unha relación laboral ou profesional de calquera tipo nos dous anos anteriores ao nomeamento.
- f) Os de persoas xurídicas ou entidades privadas ás que os familiares previstos na letra b) estean vinculados por unha relación laboral ou profesional de calquera tipo, sempre que a mesma implique o exercicio de funcións de dirección, asesoramento ou administración.

Artigo 12. Sistema de alerta para a detección temperá de conflitos de intereses.



CONCELLO DE OLEIROS

1. Os altos cargos deben exercer as súas funcións e competencias sen incorrer en conflitos de intereses e, se considera que o está, debe absterse de tomar a decisión afectada por eles.

2. Os altos cargos que teñan a condición de autoridade absteranse de intervir no procedemento administrativo correspondente cando, por afectar os seus intereses persoais, definidos no artigo 11, concorran as causas previstas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (hoxe Leis 39 e 40/2015). Así mesmo, poderán ser recusados nos termos previstos na mencionada lei.

A Oficina de Conflitos de Intereses, de acordo coa información fornecida polo alto cargo na súa declaración de actividades e, no seu caso, a que poida serlle requirida, informarlle dos asuntos ou materias sobre os que, con carácter xeral, deberá absterse durante o exercicio do seu cargo.

3. Os órganos, organismos ou entidades nos que presten servizos altos cargos que non teñan a condición de autoridade deben aplicar procedementos adecuados para detectar posibles conflitos de interese e para que, cando estean incursos nestes conflitos, abstéñanse ou poidan ser recusados da súa toma de decisión. Estes procedementos e o resultado da súa aplicación deberán ser comunicados anualmente á Oficina de Conflitos de Intereses.

4. A abstención do alto cargo producirase por escrito e notificarase ao seu superior inmediato ou ao órgano que o designou. En todo caso, esta abstención será comunicada polo alto cargo no prazo dun mes ao Rexistro de Actividades de altos cargos para a súa constancia.

No caso de que a abstención producíse durante a reunión dun órgano colexiado, a súa constancia en acta equivalerá á comunicación ao superior inmediato ou ao órgano que o designou. A comunicación ao Rexistro de Actividades de altos cargos será realizada polo secretario do órgano colexiado.

5. O alto cargo poderá formular en calquera momento á Oficina de Conflitos de Intereses cantas consultas estime necesarias sobre a procedencia de absterse en asuntos concretos.

Real Decreto 1208/2018, do 28 de setembro polo que se aproba o Regulamento polo que se desenvolven os títulos Preliminar, II e III da Lei 3/2015, de 30-3-2015, reguladora do exercicio do alto cargo da Administración Xeral do Estado.

Artigo 5. Declaración para a abstención do alto cargo

A abstención do alto cargo a que se refiren os apartados 2 e 3 do artigo 12 da Lei 3/2015, do 30 de marzo, realizarase de conformidade cos modelos aprobados para o efecto.

Se a abstención producíse durante a reunión dun órgano colexiado, dita abstención constará en acta e será comunicada polo secretario do órgano colexiado no prazo dun mes ao Rexistro de Actividades, de conformidade cos modelos aprobados para o efecto.

Na Orde TFP/2/2020, do 8 de xaneiro, pola que se determina a data a partir da cal será efectiva a obrigaón de relacionarse a través de medios electrónicos coa Oficina de Conflitos de Intereses nos procedementos previstos na Lei 3/2015, do 30 de marzo, reguladora do exercicio do alto cargo da Administración Xeral do Estado e o seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 1208/2018, do 28 de setembro; e pola que se aproban os modelos de declaracións, comunicacións e documentos electrónicos recóllense os seguintes modelos:

- Modelo 8. Abstención en procedementos administrativos.
- Modelo 9. Abstención en órganos colexiados.

3. Extracto da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público: Sección 4ª. Abstención e recusación

Artigo 23. Abstención.

1. As autoridades e o persoal ao servizo das Administracións en quen se dea algunhas das circunstancias sinaladas no apartado seguinte absteranse de intervir no procedemento e comunicaranlo ao seu superior inmediato, quen resolverá o procedente.

2. Son motivos de abstención os seguintes:



CONCELLO DE
OLEIROS

- a) Ter interese persoal no asunto de que se trate ou noutro en cuxa resolución puidese influír a daquel; ser administrador de sociedade ou entidade interesada, ou ter cuestión litixiosa pendente con algún interesado.
 - b) Ter un vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable e o parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo, con calquera dos interesados, cos administradores de entidades ou sociedades interesadas e tamén cos asesores, representantes legais ou mandatarios que interveñan no procedemento, así como compartir despacho profesional ou estar asociado con estes para o asesoramento, a representación ou o mandato.
 - c) Ter amizade íntima ou inimidade manifesta con algunha das persoas mencionadas no apartado anterior.
 - d) Intervir como perito ou como testemuña no procedemento de que se trate.
 - e) Ter relación de servizo con persoa natural ou xurídica interesada directamente no asunto, ou prestarlle nos dous últimos anos servizos profesionais de calquera tipo e en calquera circunstancia ou lugar.
3. Os órganos xerarquicamente superiores a quen se atope nalgunha das circunstancias sinaladas no punto anterior poderán ordenarlle que se absteña de toda intervención no expediente.
 4. A actuación de autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas nos que concorran motivos de abstención non implicará, necesariamente, e en todo caso, a invalidez dos actos en que interveñesen.
 5. A non abstención nos casos en que concorran algunha desas circunstancias dará lugar á responsabilidade que proceda.

Artigo 24. Recusación.

1. Nos casos previstos no artigo anterior, poderá promoverse recusación polos interesados en calquera momento da tramitación do procedemento.
2. A recusación exporase por escrito no que se expresará a causa ou causas en que se funda.
3. No día seguinte o recusado manifestará ao seu inmediato superior se se dá ou non nel a causa alegada. No primeiro caso, se o superior aprecia a concorrencia da causa de recusación, acordará a súa substitución acto seguido.
4. Se o recusado nega a causa de recusación, o superior resolverá no prazo de tres días, previos os informes e comprobacións que considere oportunos.
5. Contra as resolucións adoptadas nesta materia non caberá recurso, sen prexuízo da posibilidade de alegar a recusación ao interpoñer o recurso que proceda contra o acto que poña fin ao procedemento.

4. Extracto do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Estatuto Básico do Empregado Público.

CAPÍTULO VI. Deberes dos empregados públicos. Código de Conduta

Artigo 52. Deberes dos empregados públicos. Código de Conduta.

Os empregados públicos deberán desempeñar con dilixencia as tarefas que teñan asignadas e velar polos intereses xerais con suxeición e observancia da Constitución e do resto do ordenamento xurídico, e deberán actuar conforme os seguintes principios: obxectividade, integridade, neutralidade, responsabilidade, imparcialidade, confidencialidade, dedicación ao servizo público, transparencia, exemplaridade, austeridade, accesibilidade, eficacia, honradez, promoción da contorna cultural e ambiental, e respecto á igualdade entre mulleres e homes, que inspiran o Código de Conduta dos empregados públicos configurado polos principios éticos e de conduta regulados nos artigos seguintes.

Os principios e regras establecidos neste capítulo informarán a interpretación e aplicación do réxime disciplinario dos empregados públicos.

Artigo 53. Principios éticos.

1. Os empregados públicos respectarán a Constitución e o resto de normas que integran o ordenamento xurídico.
2. A súa actuación perseguirá a satisfacción dos intereses xerais dos cidadáns e fundamentarase en consideracións obxectivas orientadas cara á imparcialidade e o interese común, á marxe de calquera outro



factor que exprese posicións persoais, familiares, corporativas, clientelares ou calquera outras que poidan chocar con este principio.

3. Axustarán a súa actuación aos principios de lealdade e boa fe coa Administración na que presten os seus servizos, e cos seus superiores, compañeiros, subordinados e cos cidadáns.

4. A súa conduta basearase no respecto dos dereitos fundamentais e liberdades públicas, evitando toda actuación que poida producir discriminación algunha por razón de nacemento, orixe racial ou étnica, xénero, sexo, orientación sexual, relixión ou conviccións, opinión, discapacidade, idade ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

5. Absteranse naqueles asuntos nos que teñan un interese persoal, así como de toda actividade privada ou interese que poida supoñer un risco de expor conflitos de intereses co seu posto público.

6. Non contraerán obrigacións económicas nin intervirán en operacións financeiras, obrigacións patrimoniais ou negocios xurídicos con persoas ou entidades cando poida supoñer un conflito de intereses coas obrigacións do seu posto público.

7. Non aceptarán ningún trato de favor ou situación que implique privilexio ou vantaxe inxustificada, por parte de persoas físicas ou entidades privadas.

8. Actuarán de acordo cos principios de eficacia, economía e eficiencia, e vixiarán a consecución do interese xeral e o cumprimento dos obxectivos da organización.

9. Non influirán na axilización ou resolución de trámite ou procedemento administrativo sen xusta causa e, en ningún caso, cando iso comporte un privilexio en beneficio dos titulares dos cargos públicos ou a súa contorna familiar e social inmediato ou cando supoña un menoscabo dos intereses de terceiros.

10. Cumprirán con dilixencia as tarefas que lles correspondan ou se lles encomenden e, no seu caso, resolverán dentro de prazo os procedementos ou expedientes da súa competencia.

11. Exerцерán as súas atribucións segundo o principio de dedicación ao servizo público absténdose non só de condutas contrarias ao mesmo, senón tamén de calquera outras que comprometan a neutralidade no exercicio dos servizos públicos.

12. Gardarán secreto das materias clasificadas ou outras cuxa difusión estea prohibida legalmente, e manterán a debida discreción sobre aqueles asuntos que coñezan por razón do seu cargo, sen que poidan facer uso da información obtida para beneficio propio ou de terceiros, ou en prexuízo do interese público.

Artigo 54. Principios de conduta.

1. Tratarán con atención e respecto aos cidadáns, aos seus superiores e aos restantes empregados públicos.

2. O desempeño das tarefas correspondentes ao seu posto de traballo realizarase de forma dilixente e cumprindo a xornada e o horario establecidos.

3. Obedecerán as instrucións e ordes profesionais dos superiores, salvo que constitúan unha infracción manifesta do ordenamento xurídico, nese caso poñeranas inmediatamente en coñecemento dos órganos de inspección procedentes.

4. Informarán os cidadáns sobre aquelas materias ou asuntos que teñan dereito a coñecer, e facilitarán o exercicio dos seus dereitos e o cumprimento das súas obrigacións.

5. Administrarán os recursos e bens públicos con austeridade, e non utilizarán os mesmos en proveito propio ou de persoas achegadas. Terán, así mesmo, o deber de velar pola súa conservación.

6. Rexeitarase calquera agasallo, favor ou servizo en condicións vantaxosas que vaia máis aló dos usos habituais, sociais e de cortesía, sen prexuízo do establecido no Código penal.

7. Garantirán a constancia e permanencia dos documentos para a súa transmisión e entrega aos seus posteriores responsables.

8. Manterán actualizada a súa formación e cualificación.

9. Observarán as normas sobre seguridade e saúde laboral.

10. Poñerán en coñecemento dos seus superiores ou dos órganos competentes as propostas que consideren adecuadas para mellorar o desenvolvemento das funcións da unidade na que estean destinados. Para estes



CONCELLO DE
OLEIROS

efectos poderase prever a creación da instancia adecuada competente para centralizar a recepción das propostas dos empregados públicos ou administrados que sirvan para mellorar a eficacia no servizo.

11. Garantirán a atención ao cidadán na lingua que o solicite sempre que sexa oficial no territorio.

5. Extracto da Lei 53/1984, do 26 de decembro Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

A regulación das incompatibilidades contida nesta Lei parte, como principio fundamental, da dedicación do persoal ao servizo das Administracións Públicas a un só posto de traballo, sen máis excepcións que as que demande o propio servizo público, respectando o exercicio das actividades privadas que non poidan impedir ou menoscabar o estrito cumprimento dos seus deberes ou comprometer a súa imparcialidade ou independencia.

Artigo 1.

1. O persoal comprendido no ámbito de aplicación desta Lei non poderá compatibilizar as súas actividades co desempeño, por si ou mediante substitución, dun segundo posto de traballo, cargo ou actividade no sector público, salvo nos supostos previstos na mesma.

(...)

2. Ademais, non se poderá percibir, salvo nos supostos previstos nesta Lei, máis dunha remuneración con cargo aos orzamentos das Administracións Públicas e dos Entes, Organismos e Empresas delas dependentes ou con cargo aos dos órganos constitucionais, ou que resulte da aplicación de arancel nin exercer opción por percepcións correspondentes a postos incompatibles.

(...)

3. En calquera caso, o desempeño dun posto de traballo polo persoal incluído no ámbito de aplicación desta Lei será incompatible co exercicio de calquera cargo, profesión ou actividade, público ou privado, que poida impedir ou menoscabar o estrito cumprimento dos seus deberes ou comprometer a súa imparcialidade ou independencia.”

Punto 9.- Solicitud de subvención nominativa á Deputación Provincial da Coruña para a XXVIII da Feira de Olería Tradicional “Alfaroleiros”

Expón o asunto a voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a M^a José Varela, explicando a proposta presentada na que se solicita una subvención nominativa á Deputación provincial por un importe de 30.000 € para levar a cabo a XXVIII edición da Feira de Olería Tradicional “Alfaroleiros”.

A cantidade solicitada correspóndose co 46,8% do custo total da actividade, que ascende a 64.099,85 €. Así mesmo, propónse nomear como representante municipal para a xestión e sinatura electrónica da solicitude á concelleira delegada de cultura M^a Esther Garrido Pan así como, de ser o caso, asinar o convenio correspondente.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de ‘asuntos de competencia plenaria’ que tivo lugar o pasado 23 de maio de 2022, acadándose o resultado da unanimidade dos asistentes presentes neste intre na sesión, é dicir, **dezaoto (18) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; catro (04) do grupo municipal “Popular” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“Exposición de motivos



CONCELLO DE OLEIROS

No ano 1994 o Concello de Oleiros recibiu a oferta de compra dunha importante colección particular de olería popular española. Esta compilación, propiedade do artista José M^a Kaydeda e a súa dona, Teresa Jorge, estaba composta por unhas 4.500 pezas provenientes de máis de 250 olerías diferentes.

O enfoque monográfico desta colección converxía coa perspectiva do Concello de Oleiros, xa que encaixaba co reforzamento do topónimo da localidade. Así pois, no ano 1995 materializouse a adquisición da colección Kaydeda por parte do Concello, que nese mesmo ano puxo en marcha o *Museo Os Oleiros – José M^a Kaydeda*.

Promocionar o patrimonio da olería tradicional como medio de coñecemento da nosa identidade e como fonte de riqueza cultural e intelectual é un dos obxectivos fundamentais do museo. Para acadar este fin, o Concello de Oleiros traballou activamente no deseño de ferramentas de difusión que facilitasen e atraesen o interese de usuarios e potenciais visitantes. Foi así como se puxo en marcha a Escola Municipal de Olería e a feira de olería popular *Alfaroleiros*.

ALFAROLEIROS

É unha feira de olería tradicional de entidade nacional que comezou a súa andaina en agosto de 1995 e de carácter singular única en Galicia. Nela participan artesáns de distintos puntos da xeografía española e do país irmán Portugal, seleccionados pola calidade das súas obras, que durante 5 días amosan os seus traballos ao público xeral no parque Luis Seoane de Santa Cruz.

Ademais de poder coñecer a produción dos mellores oleiros do país, Alfaroleiros ofrece a posibilidade de ver “artesanía en vivo”, asistindo a diversas demostracións.

Por outra banda, cos anos a feira foi enriquecéndose con todo tipo de actividades culturais (concertos, xogos tradicionais, espectáculos teatrais, etc.) que completan a súa oferta e a fan máis atractiva a todo tipo de públicos.

Serve este evento para apoiar un oficio tradicional como é a oleiría e potenciar ao mesmo tempo o uso da hostalería e do comercio existente na zona.

Os documentos necesarios para a solicitude de subvención ante a Deputación Provincial obran no expediente.

Polo exposto e considerando que a Feira de Olería Tradicional “Alfaroleiros”, é unha feira de carácter singular e único na provincia da Coruña que ten ademais un interese público de carácter cultural, social e económico, e que este ano acada a súa XXVIII edición, ao Pleno do Concello, PROPONSE:

1º.- Solicitar á Deputación Provincial da Coruña unha subvención nominativa por importe de 30.000,00 € (trinta mil euros) para a realización da XXVIII edición da Feira de Olería Tradicional “Alfaroleiros”.

A cantidade que se solicita corresponde ao 46,80 por cento do orzamento detallado de gastos que figura no expediente, e que ascende a un total de 64.099,85 euros.

2º.- Nomear como representante para a solicitude desta subvención e para a sinatura electrónica da mesma, así como, de ser o caso, asinar o convenio que corresponda, a concelleira delegada de Cultura e Normalización Lingüística, María Esther Isabel Garrido Pan.”

Punto 10.- Dar conta da información remitida ó Ministerio de Facenda e AAPP relativa á execución e cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria regulados na Lei Orgánica 2/2012, correspondente ó 4º trimestre de 2021

Tódolos concelleiros e concelleiras asistentes a esta sesión plenaria *toman coñecemento* da información remitida ó Ministerio de Facenda e AAPP relativa á execución e cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria regulados na Lei Orgánica 2/2012, correspondente ó 1º trimestre de 2022.

Punto 11.- Dar conta da información sobre o cumprimento dos prazos de pago das obrigas do Concello de Oleiros previstos na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de medidas de loita contra a morosidade, correspondente ó 1º trimestre de 2022



CONCELLO DE
OLEIROS

Tódolos concelleiros e concelleiras asistentes a esta sesión plenaria *toman coñecemento* do informe trimestral sobre o cumprimento dos prazos de pago das obrigas do Concello de Oleiros previsto na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de medidas de loita contra a morosidade, correspondente ó 1º trimestre de 2022.

Punto 12.- Dar conta dos Decretos da Alcaldía, desde o nº 2022001316 ao nº 2022002366 (incluídos)

Todas as concelleiras e concelleiros asistentes a esta sesión plenaria *toman coñecemento* dos Decretos da Alcaldía, desde o nº 2022001316 ata o nº 2022002366 (incluídos).

Punto 13.- Mocións, rogos e preguntas

- **mocións**

Signala o alcalde, D. **Ángel García**, que existe unha moción presentada polo goberno municipal de “Alternativa dos Veciños” sobre a Vía Ártabra e outra polo grupo municipal “Popular” polo que procede a dar a palabra ó nomeado grupo para a súa exposición.

13.1.- Moción presentada polo grupo municipal “Popular” instando ós concellos da Area Metropolitana da Coruña para o estudo e propostas de melloras da mobilidade na comarca

Procede a dar lectura á moción presentada o voceiro do grupo municipal “Popular”, D. **José A. Bonome**, que se transcribe:

“Exposición de motivos:

En Galicia a través do Plan de Transporte Metropolitana, a Xunta e máis os concellos participantes puxeron en marcha unha liña de colaboración dirixida a fomentar a utilización do transporte público, co obxectivo fundamental de mellorar a mobilidade e a accesibilidade nas grandes cidades galegas e nas súas contornas. Grazas a ese sistema, os cidadáns dispoñen dun servizo de transporte público colectivo que representa unha alternativa competitiva e eficiente ao transporte privado.

Grazas a este sistema, os usuarios disfrutan da integración tarifaria de descontos importantes no prezo dos billetes, transbordos gratuítos e bonificacións adicionais por recorrencia ou pertenza a unha familia numerosa. Ademais, desde agosto do ano 2016, os mozos viaxan gratis coa tarxeta Xente Nova.

Trátase dun auténtico plan social de transporte que na Area de Transporte Metropolitanano da Coruña permite subvencionar máis de 6 millóns de viaxes ao ano e aforros nos billetes de autobús de ata o 70%.

A Xunta de Galicia asume máis do 80% do financiamento deses sistemas, achegando os concellos no seu conxunto menos do 20% restante.

Este sistema veuse mellorado, ademais desde o ano 2018, coa posta en marcha do Plan de accesibilidade dos buses interurbanos ó centro da Coruña, que funcionou como un revulsivo para incrementar os usuarios do transporte público.



CONCELLO DE
OLEIROS

Así mesmo, a Área de Transporte Metropolitano do Coruña permitiu dar resposta a outras necesidades concretas de mobilidade dos veciños dos concellos integrantes, tales como a saída do bus urbano ata o núcleo de Meicende, en Arteixo, ou ata Santa Crisitna, en Oleiros.

A Área de Transporte Metropolitano da Coruña conta cunha comisión de seguimento, con todos os concellos representados, que é o foro axeitado para traballar conxuntamente neste eido.

Recentemente, por parte dalgún concello, volveuse rescatar a idea da creación dun consorcio de transportes para mellorar a mobilidade en toda a comarca da Coruña, sen dotar esa proposta de concreción nin definición ningunha, sen pasar de ser, polo momento, un folio en branco.

A creación do novo entre administrativo leva aparellados, con toda seguridade, uns custos de funcionamento, cargas financeiras e tramites administrativos. Sen embargo, non existen certezas de que vaia permitir unha mellora nos servizos con respecto ó sistema actual ou que ofrezca ventaxes con respecto á estrutura actual.

Tendo en conta que a Xunta xa destina actualmente unha importante cantidade de recursos públicos ó sostemento deste sistema de transporte público na área da Coruña, centrando o investimento no abaratamento dos billetes, cabe preguntarse polas fontes de financiamento previstas para o mantemento do novo consorcio proposto e a incidencia dos seus custos de funcionamento no prezo do autobús.

Sobre a base do anteriormente exposto, o grupo “Popular” do Concello de Oleiros insta ó pleno a adoptar o seguinte acordo:

- Instar ó alcalde a manifestar a súa postura en relación coa proposta de creación dun consorcio de transporte público na área da Coruña e, no seu caso, a concretar o seu modelo, os novos servizos que se prestarán, a súa estrutura e financiamento, clarificando o impacto que a súa constitución terá no billete e, polo tanto, a repercusión no peto dos cidadáns.”

Intervén o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que o transporte nesta área metropolitana ten moito que perfeccionar e aínda que nestes dous últimos anos se fixo unha restructuración que nalgo mellorou, segue habendo moitas outras cuestións, como que o bus urbana da Coruña saia a concellos limítrofes, que teñen que se abordar. O goberno municipal de Oleiros estará á expectativa de calquera proposta que beneficie o transporte e no que atinxe ó presentado hoxe aquí, nada teñen que dicir porque o goberno de Oleiros non participou nesa xuntanza de alcaldes e como neste intre non hai absolutamente nada concreto, cando haxa algo pronunciáranse, así que votarán en contra da urxencia da moción presentada.

Votación da urxencia

Sen máis, da orde do alcalde pásase á votación da urxencia da moción presentada polo grupo municipal “Popular”, producíndose o resultado de **cinco (05) votos a favor** (catro (04) do grupo municipal “Popular” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos) e **trece (13) votos en contra** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”).



CONCELLO DE
OLEIROS

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación *acorda rexeitar a urxencia* da moción presentada polo grupo municipal “Popular”.

13.2.- Moción presentada polo goberno municipal de “Alternativa dos Veciños” en defensa da execución da Vía Ártabra

Da orde do alcalde, a voceira do goberno municipal, D^a M^a José Varela, procede a dar lectura ó texto da moción que se transcribe na parte dispositiva do acordo acadado.

Votación da urxencia

Sen máis e da orde do alcalde pásase á votación da urxencia da moción presentada polo goberno municipal de “Alternativa dos Veciños” mailo BNG, producíndose o resultado da unanimidade dos asistentes presentes neste intre na sesión, é dicir, por **dezaoito (18) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; catro (04) do grupo municipal “Popular” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación *acorda tratar* a moción presentada polo goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”.

Intervén o voceiro do grupo “Popular”, D. **José A. Bonome**, sinalando que se alegra moito que se presentase esta moción porque coinciden en moitos dos seus plantexamentos e sobre todo na necesidade derematar a Vía Ártabra. O primeiro e máis importante é que non entenden a postura máis que belixerante do concello de Cambre ante un proxecto estratéxico para a vertebración de toda área metropolitana da Coruña, incluído o concello de Cambre, impulsado pola Xunta de Galicia e que supón un investimento de máis de 40 millóns de euros.

Lamentan profundamente as ofensivas xudiciais iniciadas polo concello de Cambre, porque o único que consiguen é o retraso dunha infraestrutura fundamental e estratéxica para a apertura da comarca, porque toda esta infraestrutura que axudaría a mellorar a seguridade e mobilidade viaria vese freada pola macro ofensiva xudicial iniciada polo concello de Cambre contra todos e cada uns dos tramites realizados pola Xunta de Galicia para impulsar a prolongación da Vía Ártabra ata a AP-9.

Estas sentenzas para nada cuestionan o trazado da Vía Ártabra, senón que se circunscriben ó procedemento seguido para a súa aprobación, sentenzas por outra banda que cuestionan as adoptadas no ano 2009 polo goberno bipartito PSOE-BNG para a creación deste trazado, agora anulado, e que serviu de base para o proxecto da actual Vía Ártabra. No ano 2009 o proxecto co enlace na Gándara foi aprobado polo bipartito e estas son as consecuencias adoptadas polo goberno bipartito en canto ó procedemento de aprobación do trazado ó considerar que se deberían haber elevado ó Consello da Xunta e non limitarse á resolución Director Xeral de Obras Públicas.

Polo tanto, as sentenzas non cuestionan nin o trazado, nin ó enlace na Gándara, son por decisións técnicos e non políticas e polo procedemento para a súa aprobación.

O concello de Cambre e o seu alcalde deberán explicar ós seus veciños o alcance das súas ofensivas xudiciais e o custo que vai supoñer para tódolos veciños da comarca coa paralización deste investimento tan fundamental,



CONCELLO DE
OLEIROS

ademais para nada, pois o obxectivo que persegue co enlace da AP-9 coa Vía Ártabra en Catro Camiños é técnicamente inviable e contraria ós criterios do Ministerio de Transportes e dos seus técnicos, por iso o Partido Popular de Oleiros vai apoiar esta moción e só quere deixar constancia que en canto ó punto segundo do acordo e onde dí “Demandar da Xunta de Galicia a urxente subsanación dos erros administrativos...” os erros proceden do bipartido no ano 2009.

Intervén o voceiro do grupo “Mixto”-Ciudadanos, D. **Manuel Moinelo**, expoñendo que falar da Vía Ártabra é un pouco unha tolería porque se levan anos xa padecendo unha vía coxa, que non ten un percorrido como o que se tiña previsto nun principio, e xa foi demencial que hai un ano cando veu a conselleira a inaugurar estas novas obras cun investimento millonario non se houbera detectado que había que cambiar unha serie de conduccións paralizándo as obras e aquí non pasa nada, cando é un asunto estremadamente grave para él, porque estas obras paralizadas están a afectar ó tráfico diario por exemplo á altura de Lñás que ó final se producen unhas retencións de tráfico tremendas en hora punta.

Está de acordo coa moción en canto a rematar dunha vez as obras a altura de Lñás, porque ó final nada ten que ver coa sentenza do enlace, e como dixo ó principio tratar de a esta tolemia darlle un pouco de cordura para unha vía que é fundamental para vertebrar a comarca a nivel de conexións.

Intervén o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que é certo que se produciron erros que naceron xa no proxecto porque, como remata de dicir o concelleiro de Ciudadanos, independentemente da sentenza que paraliza a obra xa había outros erros no proxecto que tamén paralizou a súa execución.

No seu día, sinte que non estea xa presente o representante do PSOE, unha persoa de Oleiros que foi secretario xeral da consellería de ordenación do territorio dirixía a súa área como lle petaba, evitando ós técnicos, porque é certo o que remata de dicir o voceiro do grupo “Popular” en canto a que aprobou o proxecto un enxeñeiro, saltándose a normativa e onde entra a sentenza, no procedemento levado a cabo non sobre o trazado, aínda que o alcalde de Cambre intente tapar a situación dicindo que gañaron en canto á alegación sobre o trazado, non é así, a sentenza fala de erros de bulto no procedemento de tramitación e agora o que procede é tratar de buscar unha solución e seguir adiante por se temos en conta que se este proxecto da Vía Ártabra estivera executado o atasco actual en hora punta que se produce no cruce do Sol y Mar seguramente non o habería, porque una parte importante dos que vaian en dirección á Coruña collerían o enlace antes para ir pola autoestrada.

Ista é a solución que hai que levar a cabo para solucionar os problemas de tráfico nos accesos á Coruña e espera que no menor tempo posible a Xunta de Galicia subsane todos estas cuestións e se poidan reiniciar as obras canto antes e para isto preséntase esta moción.

Votación da moción

Ó non se producir máis debate, da orde do alcalde pásase á votación da moción presentada polo goberno municipal da “Alternativa dos Veciños” e mailo grupo “Mixto”-BNG, producíndose o resultado da unanimidade dos asistentes presentes neste intre na sesión, é dicir, por **dezaoito (18) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de



CONCELLO DE
OLEIROS

“Alternativa dos Veciños”; catro (04) do grupo municipal “Popular” e un (01) do grupo municipal “Mixto”- Ciudadanos).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación *aproba* a moción presentada polo goberno municipal de “Alternativa dos Veciños” que se transcribe:

“Exposición de motivos:

A comarca da Coruña ten un alto déficit de infraestruturas viarias que está a impedir a áxil comunicación e os desprazamentos entre os concellos.

A falla de capacidade das vías para absorber todo ese volume de tráfico causa importantes perdas de tempo e de paciencia que afectan ás empresas, ós traballadores, ós estudantes, ós doentes que teñen que ir aos centros médicos, ó comercio... Unha situación que diminúe considerablemente as posibilidades de crecemento económico de todos os municipios da Área Metropolitana que non favorece ó asentamento de novas empresa e que en definitiva, está a hipotecar o futuro das comarcas da Coruña e Betanzos.

As estradas de acceso á cidade da Coruña e á súa comarca son as de máis tráfico de Galicia, así pola Ponte Pasaxe circulan a diario máis de 90.000 vehículos e na avenida Alfonso Molina a cifra increméntase ata os 106.000 automóviles. Este problema foi tratado en diversas ocasións ó longo dos anos desde os concellos, a Deputación, os sindicatos -CCOO, UXT, CIG- e a Universidade da Coruña, acadando un acordo unánime en 1998 no Pazo de Mariñán no que se aprobou un plan de infraestruturas viarias para a comarca, que incluía a creación e mellora de vías, acordando tamén requirir á Xunta de Galicia e ó goberno do Estado a redacción dos proxectos necesarios para a contratación das obras.

Neste acordo destacaba a realización dun viario de circunvalación que permitira as conexións dos concellos da área metropolitana, conectara os polígonos industriais e comerciais e facilitara o desprazamento áxil da cidadanía ós distintos servizos da área de influencia: laborais, educativos, sanitarios, portuarios...

Este vial coñecido como Vía Ártabra, iníciase coa aprobación e redacción do proxecto no ano 2004 polo goberno galego do Partido Popular. Unha vez contratadas as primeiras fases da obra polo goberno bipartito, foi posible realizar as obras desde o porto de Lorbé ata a N-VI a través dos concellos de Oleiros e Sada, sen ningún tipo de problema.

A última fase contratada polo actual goberno galego para conectar a Vía Ártabra coa N-VI e coa AP-9, na Gándara, está paralizada por sentenza xudicial debido a uns erros administrativos na contratación. A paralización destas obras provoca un forte retraso na execución de tan importante infraestrutura pública comarcal e un importante encarecemento das obras, o que supón un grave prexuízo que atenta contra o interese xeral da comarca e o erario público.

A actitude belixerante do Concello de Cambre, que se opón ós proxectos contratados polos intereses particulares dun afectado polo ramal de conexión coa AP-9 na Gándara, pretende que se inicie un novo proxecto para a Vía Ártabra e que anulen os aprobados pola Xunta de Galicia, o que ocasionaría unha demora doutros vinte anos na creación de tan necesario vial para a comarca da Coruña.

Por todo o exposto, propónse ó pleno da Corporación a adopción dos acordos seguintes:

Primeiro.- Rexeitar a ofensiva xudicial e a actitude belixerante contra a Vía Ártabra por parte do Concello de Cambre, que actúa en contra dos intereses do propio municipio e dos concellos da área como Oleiros, Sada e Bergondo, cuxo polígono queda sen o enlace previsto coas obras que estaban en execución, obrigando á Xunta de Galicia á paralización dun investimento de 40 M€ e provocando un retraso aínda impredecible no desenvolvemento desta infraestrutura.

Segundo.- Demandar da Xunta de Galicia a urxente subsanación dos erros administrativos que provocaron as sentencias xudiciais para retomar, canto antes, este proxecto estratéxico para a área da Coruña.

Terceiro.- Solicitar ao goberno galego axilidade na elaboración dun novo proxecto e nos trámites administrativos necesarios para poder rematar as obras iniciadas no enlace a tres niveis no entronque da Vía Ártabra coa N-VI coa fin de reiniciar estes traballos canto antes para que poidan estar rematados neste ano.

Cuarto.- Demandar da Xunta de Galicia que, unha vez teña plenas garantías xurídicas, retome o desenvolvemento da Vía Ártabra nos prazos máis breves posibles de tempo que a normativa o permita.



CONCELLO DE
OLEIROS

Quinto.- Que se proceda á redacción do proxecto para a conexión da vía Ártabra entre a AP-9 e a A-6.

Sexto.- Dar traslado do presente acordo á Xunta de Galicia e ós concellos da Área da Coruña.”

*** rogos e preguntas**

13.3.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre arranxo de contedores soterrados na Avda. Sta. Cristina

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Popular”, D. **José A. Bonome**, sinalando:

“En Sta. Cristina, fronte á Panadería Debén, existen uns contedores soterrados anclados á beirarrúa cunha placa de aceiro, o chan ó seu arredor estase a afundir presentando un desnivel que pode resultar perigoso, ROGAN que se arranxe porque ademais, é habitual a presenza de roedores na zona.”

13.4.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre arranxos varios na zona da Edreira

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Antonio Corredoira**, sinalando:

“Os veciños da Edreira reclaman un mellor servizo de limpeza, así como a instalación máis puntos de alumeadado público solicitados ó concello con anterioridade á celebración deste pleno.

Solicitudude que parece quedou no esquecemento, polo que lles solicitaron que deran traslado da mesma neste pleno.”

13.5.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre limpeza beirarrúas e rede de sumidoiros en Sta. Cristina

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Antonio Corredoira**, sinalando:

“Solicitan a limpeza das beirarrúas en Sta. Cristina, Rafael Alberti, que se atopan cubertas de verdín en moitas zonas e que veñen supoñer un perigo para os peóns, que chegaron a producir caídas de viandantes, así como a limpeza e desinfección dos sumidoiros, porque se están a ver roedores con frecuencia.”

13.6.- Pregunta do grupo municipal “Popular” sobre a empresa AQUAOLEIROS

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal “Popular”, D. **José A. Bonome**, sinalando:

“Hai pouco tempo produciuse unha rotura de tubería en Cambre non permitíndose actuar á empresa de augas municipal polo que lles gustaría saber ¿En qué estado se atopa a constitución da nova empresa AQUAOLEIROS?”

13.7.- Pregunta do grupo municipal “Popular” sobre reposición de bancos na plazoleta de Rafael Alberti (Sta. Cristina)

Formula a pregunta a concelleira do grupo municipal “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, sinalando:

“No conxunto residencial de Sta. Cristina, na Rúa Rafael Alberti, existe unha plazoleta e un espazo de recreo do que se retiraron os bancos desde hai xa máis dun ano e non se volveron repoñer ¿Cal é o motivo? ¿Tense previsto repoñelos?”

13.8.- Pregunta do grupo municipal “Popular” sobre obras na Rúa do Souto

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Jorge Platas**, sinalando:

“Durante varios meses os veciños tiveron que buscar alternativas ante o peche da Rúa do Souto. Posteriormente e tras abrirse ó tráfico, en vez dunha vía reformada e mellorada atopáronse cunha vía intransitable que leva así varios meses.

No pleno anterior e ante a pregunta que formulou o seu grupo, o alcalde expuxo que debido a unhas actuacións que tiñan que facer Telefónica e FENOSA estaban paralizadas as obras por parte da Deputación provincial e esta semana volveuse desviar o tráfico rodado reiniciándose as obras ¿Cando está prevista a apertura da Rúa do Souto de xeito definitivo e xa reformada totalmente?”



CONCELLO DE
OLEIROS

13.9.- Rogo do grupo municipal "Mixto"-Ciudadanos sobre problemas de visibilidade no cruce da Rúa Piscina coa Rúa Miradoiro

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal "Mixto"-Ciudadanos, D. **Manuel Moinelo**, sinalando:

"No cruce entre a Rúa Piscina e Rúa Miradoiro, os vehículos cando queren facer o xiro cara á Avda. Ernesto Che Guevara teñen problemas de visibilidade, dado que catro contedores situados na marxe dereita impídena.

A solución é sinxela porque trasladando eses catro contedores cara á dereita, que ademais hai espazo de sobra, xa se eliminaría esa barreira visual."

13.10.- Rogo do grupo municipal "Mixto"-Ciudadanos sobre paso nos semáforos municipais

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal "Mixto"-Ciudadanos, D. **Manuel Moinelo**, sinalando:

"Dirixíronse ó seu grupo varias persoas maiores que teñen problemas cos semáforos, en concreto o existente na Avda. Ernesto Che Guevara, fonte á Oficina de ABANCA, que conta cunha duración de paso de 20 segundos. Unha persoa maior nese tempo, ten difícil cruzalo, polo que si se aumenta a duración de paso a uns 30 segundos cre que sería suficiente.

Entende que se lle debería de dar unha volta á regulación semaforica en xeral a nivel municipal."

13.11.- Rogo do grupo municipal "Mixto"-Ciudadanos sobre funcionamento dos pulsadores dos semáforos municipais

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal "Mixto"-Ciudadanos, D. **Manuel Moinelo**, sinalando:

"A maioría dos pulsadores dos semáforos non funcionan, ten constancia de que se arranxaron algúns, pero na maioría ou non funcionan ou cando se utilizan estase entre 40 e 50 segundos ata que o fan, polo que é case como non telos, polo que ROGA que se revisen."

13.12.- Rogo do grupo municipal "Mixto"-Ciudadanos sobre cambio de semáforos por pasos de peóns

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal "Mixto"-Ciudadanos, D. **Manuel Moinelo**, sinalando:

"O seu grupo entende que se poderían eliminar moito semáforos ó longo do concello. Tendo en conta que a sanción por saltase un semáforo é de 200 € máis 4 puntos menos é a mesma sanción que supón saltarse un paso de peón, polo que cre que pode analizarse a substitución de semáforos por pasos de peóns debidamente sinalizados e iluminados, que axudaría indudablemente a axilizar o tráfico evitándose posibles atascos."

13.13.- Rogo do grupo municipal "Mixto"-Ciudadanos sobre coidado da zona verde sita a carón da Rúa do Burgo

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal "Mixto"-Ciudadanos, D. **Manuel Moinelo**, sinalando:

"O cuidado da zona verde existente a carón da Rúa do Burgo, no linde co concello de Cambre, non ten nada que ver co resto das zonas verdes municipais, descoñece se é a propósito coa fin de amolar ó veciño, pero a realidade é que non está coidada, ó igual que os moitos metros de zonas verdes existentes no municipio, polo que solicita que se realice unha revisión a ver que acontece porque a parte que xa paertence ó concello de Cambre si que está coidada supondo un contraste que non entende."

13.14.- Pregunta do grupo municipal "Mixto"-Ciudadanos sobre apertura de espazo de esparcemento na zona do Paraíso (Perillo)

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal "Mixto"-Ciudadanos, D. **Manuel Moinelo**, sinalando:

"Esta cuestión preguntáronlla varios veciños, incluso hoxe mesmo, dado que na derradeira publicación nº 72 do "Vivir en Oleiros" infórmase de que "... tódolos veciños e veciñas do municipio xa dispoñen dun novo espazo público na zona do Paraíso" e iso é mentira, porque segue a zona pechada e non se espera que a curto prazo vaia abrirse, polo que ten entendido.

Insiste en que foron moitos veciños, que ilusionados con poder disfrutar dese novo espazo, atopáronse co acceso pechado. Entende que se debe tratar dun erro porque figura incluso na contraportada da publicación.



CONCELLO DE
OLEIROS

Vai quedar unha zona marabillosa con área recreativa, moi fermosa, pero neste intre aínda non está aberta ó público e segundo lle dixeron hoxe mesmo os encargados da obra, non se prevé a súa apertura curto prazo.”

Contesta o alcalde, D. **Ángel García**, manifestando que en canto a todo o plantexado acerca de Sta. Cristina, dicir que se vai levar a cabo unha actuación integral, na que as obras na Avda. de Sta. Cristina vai con cargo á Deputación provincial, como titular da mesma, e o restos de rúas adxacentes irán con cargo ó orzamento municipal. Levouse a cabo xa a Rúa Xuncal e agora irá o resto, polo que está a falar de obras en execución e as outras no prazo duns seis meses, aproximadamente.

A Edreira límpase exactamente igual que o resto de rúas e zonas municipais, vanse días alternos, trátase dunha zona límite co concello de Sada e que sabía na Edreira, xa desde hai moitos anos, existe alumeadado público en tódalas rúas dese núcleo.

No que atinxe ó dito sobre a Rúa Rafael Alberti, é certo que se retiraron uns bancos que se están a arranxar polos servizos municipais e vanse colocar dous bancos, na zona de sombra, porque neste caso nada ten que ver coa actuación integral que se vai levar a cabo en Sta. Cristina, como dixo antes.

Sobre a rotura da tubería na zona co linde con Cambre foi unha auténtica vergoña, un revanchismo absurdo pola actitude que están a ter no concello de Cambre, debido ás denuncias varias postas enriba da mesa en canto á posible comisión de irregularidades que están a cometer e puxeron atrancos para reparar a rotura pensando que ían deixar sen auga só ós veciños de Oleiros, porque se trata dunha conducción xeral.

Existen tres conduccións xerais que entran, unha pola Ponte Pasaxe, outra pola Ponte do Burgo e outra por Bergondo, polo alto de Oleiros, tres entradas que resultan imprescindibles para abastecer de auga á veciñanza. O bo que ten Oleiros é que contan con once depósitos de auga que garanten o abastecemento e Cambre, por exemplo, só ten un e hai tres anos que tiveron unha serie de roturas preto da zona do Temple, unha zona con moita densidade de poboación como saben, quedaron tres días sen auga e foi Oleiros quen lles subministrou.

Todo isto, porque é certo que SERGESCO que é a empresa que aínda está coa xestión do servizo personouse no lugar e falando cuns axentes da Policía Local de Cambre, comentáronlles que o día seguinte precisaban unha reserva de espazo para proceder á arranxar a rotura e nun principio dixéronlle que si, que non había problema, pero cando o consultaron a instancias máis altas, resultou que había uns problemas, aparelado a isto o concelleiro de Cambre, Juan Leirós, mandou un mail ó actual responsable técnico da empresa, dicíndolle que o alcalde de Oleiros ía pagar os efectos colaterais pola animadversión que profesa ó concello de Cambre, non lle importaban en absoluto os veciños afectados, o que non sabía era que tamén estaban afectadas unhas 80 vivendas do seu propio concello e que lle subministra o auga Oleiros, polo que os deixaban tamén sen auga.

Ante isto, a orde cursada desde o concello de Oleiros a SERGESCO foi que subministrara de auga ós veciños e veciñas de Oleiros e chámalo dicíndolle que tamén había vivendas afectadas que pertencían ó concello de Cambre, díxoselles que subministraran auga a todos os veciños, non ían actuar como eles. Cando en Cambre se enteraron



CONCELLO DE
OLEIROS

de que había veciños e veciñas afectadas, solventaron de inmediato o problema, lamentable, unha pena que algún político aproveite o seu posto e funcione así.

Ó fío disto, AQUAOLEIROS ten previsto empezar o seu funcionamento o día 20 de xullo deste ano, existe xa unha proposta de nomeamento dun Xerente que terá que ratificar o Consello de Administración, despois dun proceso de selección levado a cabo, e será un nomeamento en principio por dous anos de tal maneira de que se non funciona como debe pódese prescindir dél.

A Rúa do Souto é unha vía que lle pasou como moitas outras, como cando lle pediron á Deputación que ampliara a estrada da Besta, a que vai desde o centro de Mera ata a Vía Ártabra, houbo que facer un traballo previo que se levou a cabo desde o concello e consistente en chegar a acordos cos veciños lindantes para acadar o chan e poder ampliar, facilitando moitísimo os trámites dado que como saben se ten que ir a un expediente expropiatorio a Deputación provincial, poden pasar dous anos co expediente ou máis, esa obra permitiu anquera a vía de 5 m. a 12 m. practicamente na súa totalidade e comenta isto porque na Rúa do Souto é un caso similar, unha vía de titularidade provincial moi estreita nalgún punto, carente dalgún servizo polo que se solicitou da institución provincial que procederá ó seu arranxo e de acordo co PXMO.

Esa rúa tiña uns 5 m. no seu punto máis ancho e agora hai aproximadamente uns 16 m. de fachada a fachada, polo que está a falar dunha avenida no centro de Sta. Cruz e que contou xa desde un principio con moitos atrancos pola existencia de moitos postes e cableado tanto de Telefónica coma de FENOSA e con esas empresas tamén pasou en Mera, que retrasou a obra practicamente un ano, polo que paran o ritmo de obra, a raíz disto a Deputación provincial facíase cargo case da totalidade da execución da obra, muros, reposicións, demolicións, reposición de alumeados, etc. e estando en obra, cando se levantou o terreo observouse que a rede de pluviais non estaba en bo estado e máis pronto que tarde habería que renovala, polo que os técnicos aconsellaron que se renovase na totalidade a rede de pluviais e iso precisamente foi o que se vai levar a cabo e entende que nun prazo de dúas ou tres semanas pode estar xa rematada a renovación da rede de auga e logo xa é só asfaltar, porque xa retiraron tódolos postes existentes.

No que atinxe á falla de visibilidade na Rúa Miradoiro que remata de sinalar o voceiro de Ciudadanos, o estivo vendo e si se sae desde a Rúa da Piscina é certo que están os contedores á dereita pero existe visibilidade dos que veñen en dirección desde Estatua do Che...

Insístese polo voceiro do grupo "Mixto"-Ciudadanos, Sr. **Moinelo**, que non custa nada mover uns 30 metros os contedores e así gozaríase dunha visibilidade plena, ademáis que se trata dunha zona pública e non molestaría a ninguén.

Insístese polo alcalde, D. **Ángel García**, en que non é tanta a falla de visibilidade pero volverase a mirar para tratar de corrixilo, sobre o semáforo da Avda. Ernesto Che Guevara, sinala que se fixo un estudo da duración do tránsito



CONCELLO DE
OLEIROS

nos semáforos e comprobouse que houbera o tempo suficiente para que pasasen os peóns que maior dificultade poidan ter...

Tamén polo voceira do goberno municipal Sra. **Varela**, sinálase que é certo que pode haber persoas que teñan dificultades para cruzar estes semáforos pero, en concreto do que fala, existe incluso un descanso na mediana para poder permanecer nela no caso de que non puidera pasalo en tempo e ademais existe tamén o problema da regulación do tráfico que, en horas punta, nese tramo existe moita concentración de vehículos e non se pode estar parando continuamente a circulación.

Segue coa súa quenda de contestación de rogos e preguntas o alcalde, D. **Ángel García**, manifestando que sobre os pulsadores dos semáforos, pode ser que algún non funcione e tamén se lles puxo unha temporización porque non se pode frear a circulación de vehículos cada dous por tres, o peón ten que esperar un tempo prudencial.

O parque que linda co concello de Cambre está limpo e cuidado, logo hai unha zona que pertence a Costas que é certo que ten a herba alta, aínda que insiste en que o parque está cuidado, con bancos e servizos e é moi frecuentado pola veciñanza, moitos de Cambre, porque desgrazadamente para eles nesa zona non teñen parques.

No relativo ó parque do Paraíso, o que se publica é que existe xa unha zona verde e un parque máis, con zona infantil tamén, para disfrute da veciñanza. O que acontece é que se eliminou unha rúa no final de Beiramar, para impedir o acceso de vehículos, de tal forma que o Parque do Paraíso intégrase co Parque de Beiramar e en breve xa será de uso público.

Logo tamén, aproveitando a visita do responsable da Demarcación de Costas estes días, díxolle que teñen abordar a execución dun muro, desde Beiramar cara arriba, contra o mar para seguir o paseo ata Cambre.

Sen máis asuntos que tratar o alcalde dá por rematada a sesión ás 21.30 h., para deixar constancia dos acordos tomados e do acontecido estendo esta acta en corenta e seis (46) páxinas e que eu, como secretaria, certifico. Dou fe; Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na propia sinatura da secretaria accidental e co visto e prace do alcalde.